



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma.
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 28 de abril de 2023



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 28 DE ABRIL DE 2023

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación das actas das sesións: ordinaria número 3/2023, de 31 de marzo e extraordinaria urxente número 4/2023, do 14 de abril..... **9**
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 25 de marzo ata o 21 de abril de 2023. **9**
3. Proposición da Presidencia para a creación dunha Comisión de estudo político técnica sobre a xestión económica do novo espazo dixital provincial previsto no proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA,) Coruña Estudo Inmersivo (CEI) **9**

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

4. Aprobación de autorización da eventual extinción/liquidación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) e de asunción pola Deputación Provincial da Coruña dos fins que presta a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña **11**

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

5. Aprobación técnica do Plan de Sendas Peonís 2023, primeira fase, integrado polo proxecto DP 7202 Rianxo a Burés por Asados. Senda Peonil pq 1+541 a pq 1+911 (Rianxo). **13**
6. Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 1406 de Neaño ao Allo por Cesullas, mellora da seguridade viaria pq 0+680 ao 1+900. (Cabana de Bergantiños), incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, terceira fase **15**
7. Aprobación do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2023, cuarta fase **15**

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

8. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello da BAÑA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Arranxo da pavimentación de vías públicas entre Vilar da Torre e Lañas. **16**
9. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de SOBRADO DOS MONXES polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da capa de rodadura nos camiños e pistas de Sobrado. **25**
10. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de BERGONDO para cofinanciar as obras de Rehabilitación



enerxética (ventilación con recuperador de calor) e outras actuacións construtivas nas escolas infantís municipais de Carrio, Lubre, Silvoso e Vixoi do concello de Bergondo..... **33**

11. Aprobación do Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares que deberán rexeir para contratar mediante PROCEDIMENTO ABERTO (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) nas OBRAS financiadas con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR)..... **43**

12. Aprobación dun convenio co concello de Ordes para a redacción dun proxecto básico de construción dun Centro Residencial de Maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica, de acordo co art. 68.2 a) da Lei de Servizos Sociais de Galicia..... **119**

13. Aprobación dun convenio co concello de As Pontes de García Rodríguez para a redacción dun proxecto básico de construción dun Centro Residencial de Maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica, de acordo co art. 68.2 a) da Lei de Servizos Sociais de Galicia. **125**

14. Aprobación dun convenio co concello de Rianxo para a redacción dun proxecto básico de construción dun Centro Residencial de Maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica, de acordo co art. 68.2 a) da Lei de Servizos Sociais de Galicia..... **130**

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Conservación de camiños en Coens" do Concello de Laxe, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0491.0... **136**

16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño cruce Regueiro a cruce Mou (Cabruí)" do Concello de Mesía, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0385.0..... **137**

17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento na sede do Clube de remo Taxamar", do Concello de Outes, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, co código 2021.2102.0523.0 **139**

18. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reurbanización de tramo da avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270)", do Concello de Santa Comba incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020, co código 2020.2102.0375.0..... **141**

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

19. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola



Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a marzo 2023..... **143**

20. Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a marzo de 2023 e proxección a 31/12/2023..... **143**

21. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 3/2023 de aprobación polo Pleno. **144**

22. Dación de conta da corrección de erros do Anexo 14 "Total Concellos" do informe de intervención sobre a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2022, de data 09/03/2023..... **146**

23. Dación de conta da remisión da liquidación do orzamento do exercicio 2022 da Deputación e dos seus entes dependentes á Administración do Estado e da liquidación da Deputación á Comunidade Autónoma. **146**

24. Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2022. **146**

25. Aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo, cadro de persoal e organigrama 2023. **146**

26. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraintencidos e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao primeiro trimestre de 2023..... **242**

ACTUACIÓN DE CONTROL:

MOCIÓNS

1.Moción do Grupo provincial do BNG de apoio á proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a restauración do texto fidedigno do Himno Galego e a súa difusión..... **242**

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio a Palestina..... **246**

3.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ás mariscadoras de Muros-Noia..... **250**

4.Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en defensa da mellora dos Centros de Información ás Mulleres (CIM)..... **256**

FÓRA DA ORDE DO DÍA

I. Moción para a aprobación da Segunda Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia/IGAPE, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia, para a elaboración do plan director e constitución da estrutura de gobernanza da cidade das TIC..... **266**

ROGOS E PREGUNTAS





Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 28 de abril de 2023.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 28 de abril de 2023, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor adxunto, don Marcial Rodríguez Toajas.

Aberto o acto ás 12:12 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Bos días, empezamos con esta sesión.

Sr. Ben Otero

Antes de empezar con el Pleno, a mí, sintiéndolo mucho, me gustaría dirigirme a usted para pedirle que de alguna manera rectifique unas palabras que hace unos días ha pronunciado usted en Cee, que entendemos que son ofensivas, que insinúan ciertas actividades o conductas no lícitas, y entendemos que en campaña electoral pues muchas veces todos podemos tener algún exceso verbal y eso entra dentro de lo lógico. El problema es que usted en este caso es siempre presidente de la Diputación, indistintamente de que actúe en un acto como secretario general del partido, que lo respetamos profundamente, o como alcalde de As Pontes, pero siempre es usted Presidente de la Diputación. Y entiendo que público fue el agravio, pública fue la afrenta y entendemos que pública debe ser la rectificación. Todos nos podemos equivocar, pero todos tenemos que tener la oportunidad de rectificar. Yo, de verdad, le pediría de corazón que rectifique, que se disculpe por esas palabras porque, si no, sintiéndolo mucho, el Grupo Popular no va a asistir a este Pleno porque entendemos que su conducta como presidente de la Diputación aquel día no fue digna y no queremos tenerlo a usted como presidente indigno. Con lo cual, le damos la posibilidad de rectificar y, si no, nosotros antes de empezar la sesión plenaria abandonaríamos el Pleno.

Gracias.

Sr. Presidente

Estamos en campaña electoral, entón hai que facer certas manobras que... En calquera caso, estamos nunha institución seria, solvente, hoxe vanse aprobar aquí moitos puntos da orde do día que afectan a entidades públicas, sociais, concellos, onde se van poñer en marcha moitos proxectos que teñen que ver coa vida económica, social e cultural da provincia, e a verdade que creo que non se deben mesturar as campañas electorais nin os mitins electorais. Como nos poñamos a ir ao Parlamento de Galicia a pedirlle ao presidente da Xunta de Galicia que retire, que faga –digamos– variacións en expresións en mitins electorais, pois, se nós nos imos aos plenos, pois a verdade probablemente non habería ningún pleno en campaña electoral. Por tanto, eu sabes, Sr. Ben, que son unha persoa moi respectuosa, e o que poida dicir nun mitin en ningún caso, en ningún caso é ningunha acusación de ningunha irregularidade a ninguén, só faltaría máis. Se algún día pensase iso, iría a un xulgado, non o diría nun mitin e, polo tanto, evidentemente, nunca, nunca diría iso, nin en Cee, nin en Tui, nin na Coruña. Polo tanto, aí podes quedar moi tranquilo. Pero o que si che pediría é que saibamos distinguir a parte institucional da parte partidaria porque, senón, a sociedade é ingobernable, a democracia convértese nun sistema francamente ingobernable.

Eu non me dedico a escudriñar o que din os candidatos de ningunha formación política sobre min, que dirán cousas malas, moi malas ou menos malas pero, en calquera caso, o estilo desta casa e o meu, sabes que non é ese. E polo tanto, en calquera caso, a persoa, o candidato ou candidata ao que me poida referir como candidato de Cee, evidentemente, non me refiro nunca a ningunha potencial irregularidade porque, insisto, se tivese algunha dúbida sobre iso, iría a onde teño que ir e non a teño.

Sr. Ben Otero

Correcto, yo hasta ese punto entiendo. A mí las chanzas que haga usted con el nombre o el apellido de un candidato no me importan. Lo que quiero que quede claro,



creo que lo ha dejado claro y que así quede, que no hay ningún atisbo de irregularidad en las concesiones que tiene nuestro candidato en Cee, el señor Picallo, que le han sido concedidas en distintos ayuntamientos y que no hay ninguna irregularidad en esa cuestión, que es un poco lo que usted dejó traslucir aquel día. Con eso a nosotros nos valdría con que usted rectifique y diga: “no, no hay nada irregular, o entiendo que no lo hay”, me valdría. Lo otro es ciertamente un tanto, a nuestro juicio grave.

Sr. Presidente

Sr. Ben, conclúo, sinceramente, independentemente da decisión que tomedes como grupo, eu creo que non teño nada que rectificar porque non acusei a ninguén de nada, nin moito menos, non foi a miña intención en ningún momento acusar a ninguén de nada, nin en Cee, nin nas Pontes, nin en Pontedeume, polo tanto... Insisto, sexamos serios, estamos en campaña electoral, temos que asistir ás veces a este tipo de cuestións, pero nunha institución seria como esta debemos tratar os asuntos dos puntos da orde do día. Procedemos, polo tanto, ao punto primeiro.

1.- Aprobación das actas das sesións: ordinaria número 3/2023, de 31 de marzo e extraordinaria urxente número 4/2023, do 14 de abril.

Sra. Secretaria

Faise notar que nesta última acta, no punto terceiro, corrixiuse un erro material que figuraba no ditame respecto á enumeración das cláusulas do convenio, que non eran correlativas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbanse por unanimidade as actas das seguintes sesións: ordinaria número 3/2023, de 31 de marzo e extraordinaria urxente número 4/2023, do 14 de abril.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 25 de marzo ata o 21 de abril de 2023.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 25 de marzo ata o 21 de abril de 2023.

3.- Proposición da Presidencia para a creación dunha Comisión de estudo político técnica sobre a xestión económica do novo espazo dixital provincial previsto no proxecto Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA,) Coruña Estudo Inmersivo (CEI)

Vótase a ratificación da inclusión na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea



Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Procede a votarse a proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte proposición da Presidencia:

"Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que a deputación da Coruña ten asignada, con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia español, a realización do proxecto "Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA), Coruña Estudio Inmersivo (CEI)", co que se quere impulsar o sector audiovisual galego, pola súa achega á economía, á identidade cultural galega e á proxección de Galicia e España no exterior.

Considerando que este proxecto, que trata de impulsar a creación dunha infraestrutura e a dotación do equipamento dixital necesario para converter Galicia e en especial a provincia da Coruña, nun polo audiovisual de referencia a nivel nacional, que debe marcar o presente e sobre todo o futuro da competitividade do sector audiovisual galego nos mercados internacionais, contempla dúas grandes actuacións: por unha banda, unha obra de adecuación dunha instalación na Cidade das TIC (A Coruña), e doutra banda, a adquisición de tecnoloxía e ferramentas dixitais de última xeración que se situarán na instalación habilitada pola Deputación.

Considerando que construída a infraestrutura e adquirido e testado o equipo tecnolóxico, é necesario xestionar comercialmente este novo espazo dixital e, por iso, sería de aplicación o artigo 97 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, no que se indica que para o exercicio de actividades económicas polas Entidades locais requírese o acordo inicial da Corporación, previa designación dunha Comisión de estudo composta por membros da mesma e por persoal técnico.

Considerando que para a realización dos necesarios estudos xurídicos, económicos e sociais que sirvan de base para propoñer o modelo de xestión da devandita infraestrutura, debe estar previamente constituída a comisión de estudo técnica política.

Considerando que a execución do devandito proxecto debe realizarse a maior brevidade posible, de conformidade coas instrucións remitidas pola entidade pública empresarial RED.ES, adscrita ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que xestiona o fondo europeo asignado ao proxecto provincial.

Polo tanto e como excepción singular, esta Presidencia **PROPON AO PLENO**, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento



orgánico da Deputación da Coruña, a adopción do seguinte acordo:

1º. Constituír unha Comisión de estudo político técnica sobre a xestión económica do novo espazo dixital xerado polo desenvolvemento do proxecto provincial “Ecosistema Dixital do Sector Audiovisual de Galicia (EDAGA), Coruña Estudio Inmersivo (CEI)”.

2º. A Comisión de estudo referida no apartado primeiro estará composta por:

- O Presidente da Deputación da Coruña, que actuará como Presidente
- Un/unha representante designado/a polos grupos políticos provinciais:
 - Grupo Provincial do Partido Popular
 - Grupo Provincial do Partido Socialista
 - Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego
 - Grupo Provincial de Alternativa dos Veciños
 - Grupo Provincial de Marea Atlántica
- Un/unha representante designado/a polo Clúster Audiovisual Galego
- Interventor Xeral
- Secretaria Xeral
- Xefe de servizo de Patrimonio e Contratación
- Xefe de servizo de Arquitectura e Mantemento
- Xefe de Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica
- Coordinadora do Plan de Emprego Local, que actuará como Secretaria

Coa designación de cada representante deberá nomearse unha persoa suplente.

3º. Encomendar á Comisión político técnica constituída a preparación dos documentos seguintes:

- a) Memoria relativa á xestión do servizo público provincial “CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO”, na que se inclúan os aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica a desenvolver.
- b) Informe sobre a viabilidade e normativa para o uso da infraestrutura “CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO”.
- c) Proposta á Presidencia sobre a forma de xestión do servizo público provincial “CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO”.
- d) Proposta de Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto e multiplicidade de criterios de valoración da xestión do servizo público “CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO” na modalidade de concesión.
- e) Proposta de Regulamento do servizo. Normas de funcionamento do servizo público “CORUÑA ESTUDIO INMERSIVO”.

4º. Facultar á Presidencia da Deputación para que poida encomendar á Comisión político técnica constituída a realización das tarefas que se estimen oportunas.

Do presente acordo darase conta á Comisión informativa de Transición Ecolóxica, Emprego e Territorio Sostible."

4.- Aprobación de autorización da eventual extinción/liquidación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) e de asunción pola Deputación Provincial da Coruña dos fins que presta a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña



VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Autorizar a extinción/liquidación da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), nas condicións incorporadas no acordo adoptado polo padroado da fundación.

2.- Acordar, con efectos 1 de xullo de 2023, a prestación dende os servizos provinciais dos fins que se detallan e que foron prestados ata o día de hoxe pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) e recollidos no artigo 6 dos Estatutos da Fundación:

Art. 6. Fins

A Fundación ten como fin principal a mellora e o aproveitamento dos recursos enerxéticos provinciais, así como a sensibilización das autoridades locais, as empresas e os cidadáns sobre a escaseza de recursos enerxéticos. Ademais, ten os seguintes fins:

- a) incentivar a difusión do uso racional da enerxía, dos recursos enerxéticos locais e das fontes renovables en los sectores de:
 - produción de bens e servizos (PEMEs e Industria), en colaboración co INEGA
 - administración pública, en colaboración co INEGA
 - sector doméstico
- b) Favorecela diversificación, información e utilización óptimas das enerxías renovables.
- c) Mellora-la seguridade enerxética.
- d) Promover e manter o aforro enerxético.
- e) Favorece-la integración dos obxectivos enerxéticos nos sectores medio ambientais e nos sectores produtivos locais.
- f) Protexe-lo medio e reduci-lo impacto da polución e uso da tecnoloxía.
- g) Reforzar y favorecer a investigación tecnolóxica sobre a enerxía.

A consecución dos fins citados será realizada pola Deputación co cumprimento estrito das competencias que ten atribuídas na lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das bases de Réxime Local , na lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e na normativa sectorial de aplicación.

3.-Acordar a integración do persoal de réxime laboral ordinario integrado na actualidade na fundación que é o seguinte:

NIVEIS	CATEGORÍA
23	Enxeñeiro



21	Axudante non titulado
20	Oficial administrativo

A integración realizase na súa condición de persoal laboral de carácter fixo, ocupando postos de natureza funcionarial. A fixeza é asumida pola Deputación por subrógarse esta nas obrigas como empregador que tiña a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña.

A integración do persoal no computará aos efectos da tasa de reposición prevista nas leis de presupostos xerais do Estado xá que non produce incremento de plantilla (disposición derogatoria 17ª e 18ª da lei de presupostos xerais do Estado para o 2022)

Esta integración queda condicionada á correlativa modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) catálogo, plantilla e organigrama da Deputación Provincial da Coruña na que se proceda a crear os postos de traballo incorporados no cadro citado.

A integración prodúcese respecto dos tres traballadores citados no cadro anterior, unha vez acreditada a circunstancia de que os tres foron seleccionados pola fundación tras someterse a un proceso selectivo de igualdade mérito e capacidade.

A integración dos 3 traballadores dará lugar a súa incorporación como: Administrativo, Técnico de Planificación Enerxética e Técnico de Enerxías Renovables, no servizo de Promoción Económica Turismo e Emprego: Sección de Coordinación de Proxectos Técnicos.

O persoal obxecto da integración queda adscrito ao servizo de Promoción Económica Turismo e Emprego, sección de coordinación de proxectos como Unidade de Xestión Enerxética da Deputación da Coruña. Os tres traballadores quedarán adscritos nos casos seguintes as sedes de As Pontes de García Rodríguez e Cerceda nas que continuarán radicadas as oficinas que na actualidade presta os servizos FAEPAC .

Concello de Cerceda: Administrativo

Concello de As Pontes de García Rodríguez: Técnico de Planificación Enerxética e Técnico de Enerxías Renovables.

Os compromisos e obrigas nos que quede comprometida a cesión dos locais e instalacións por parte dos dous concellos citados á Deputación serán asumidos nos oportunos convenios que sexan asinados ao efecto.

4.-A Deputación Provincial da Coruña queda subrogada nos contratos da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, respecto dos que quedan prestacións a realizar no presente exercicio 2023.

5.-A integración do persoal implica a prestación dos fins da fundación como opción mais eficiente para prestar os servizos derivados dos fins citados.

6.-As actuacións previstas nos presentes acordos así como a consignación orzamentaria necesaria para facer fronte as mesmas surtirá efectos dende o 1 de xullo de 2023."



5.- Aprobación técnica do Plan de Sendas Peonís 2023, primeira fase, integrado polo proxecto DP 7202 Rianxo a Burés por Asados. Senda Peonil pq 1+541 a pq 1+911 (Rianxo).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar técnicamente o PLAN DE SENDAS PEONIS 2023 PRIMEIRA FASE cun presuposto total de 169.614,22.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2023.1170.0001.0	DP 7202 RIANXO A BURÉS POR ASADOS SENDA PEONIL PQ 1+541 A PQ 1+911	RIANXO	169.614,22	1.653,00

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución das seguintes obras:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2023.1170.0001.0	DP 7202 RIANXO A BURÉS POR ASADOS SENDA PEONIL PQ 1+541 A PQ 1+911	RIANXO	169.614,22	1.653,00

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."



6.- Aprobación definitiva do proxecto da obra DP 1406 de Neaño ao Allo por Cesullas, mellora da seguridade viaria pq 0+680 ao 1+900. (Cabana de Bergantiños), incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, terceira fase.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE VIAS PROVINCIAIS 2022, TERCEIRA FASE cun orzamento total de 802.384,12 .- euros, crédito incluído no Expediente de Modificación de Créditos 2/2023 aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 31/03/2023, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2022.1110.0004.0	DP 1406 DE NEAÑO AO ALLO POR CESULLAS. MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA.PQ 0+680 AO 1+900.	CABANA DE BERGANTIÑOS	802.384,12 €

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

7.- Aprobación do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2023, cuarta fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE VIAS PROVINCIAIS 2023, CUARTA FASE cun orzamento total de 2.036.264,71 - euros, crédito incluído no Expediente de Modificación de Créditos 2/2023 aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o



31/03/2023, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 , integrado polos proxectos que se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	IMPORTE
2023.1110.0005.0	DP 8203 VEDRA A PONTE DE SANTA LUCIA MELLORA DA SEGURIDADE VIAL DO PQ 6+100 AO 6+680 E DP DP 1202 TROBE MESÓN DE MAREQUE PQ 1+000 AO 1+900 (VEDRA)	262.499,05
2023.1110.0006.0	DP 5804 ACCESO Á PRAIA DE SANTA CRISTINA. REMODELACIÓN DO ACCESO (OLEIROS)	1.773.765,66
TOTAL.....		2.036.264,71

2.- Expoñer ao público os Proxectos mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

8.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello da BAÑA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Arranxo da pavimentación de vías públicas entre Vilar da Torre e Lañas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e o Concello da Baña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as **obras de Arranxo da pavimentación de vías públicas entre vilar da Torre e Lañas** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.



3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello da Baña** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as **obras de Arranxo da pavimentación de vías públicas entre vilar da Torre e Lañas** cunha achega provincial de **200.000,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/4599/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **79.93158 %** respecto dun orzamento de **250.213,99 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DA BAÑA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE ARRANXO DA PAVIMENTACIÓN DE VÍAS PÚBLICAS ENTRE VILAR DA TORRE E LAÑAS

Na Coruña, a ____ de _____ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello da baña

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanelles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes



materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello da Baña considera de primeira necesidade as obras de Arranxo da pavimentación de vías públicas entre vilar da Torre e Lañas

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...Considérase o carácter urxente da obra en atención a cumprir o obxectivo de mellorar un tramo da estrada que discorre dende Vilar da Torre e Paramos. A estrada provincial CP-0702 discorre entre Seilan e Paramos. O tramo entre Seilán e Vilar da Torre é de titularidade da Deputación Provincial, mentres que o tramo posterior a Vilar da Torre é de titularidade municipal.

A CP- 0702 soporta un importante tráfico intermunicipal.

O tramo municipal de dita vía fai que o concello teña que facer fronte non só o mantemento da vía, senón que debe atender as emerxencias que se producen na mesma....

... “Por outro lado as condicións de circulación no tramo municipal son peores que os do tramo provincial, con menos anchura de vía e peores condicións de firme, agravadas pola non existencia dunha separación física de ambos tramos.”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello da Baña** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de A Baña con CIF P1500700H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Arranxo da pavimentación de vías públicas entre vilar da Torre a Lañas” (Data da sinatura dixital 2022.11.21)”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de camiños, Canais e Portos D. Juan Carlos Carballeira Rifón

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa



realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	173.771,78 euros
Gastos xerais 13,00%	22.590,33 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	10.426,31 euros
IVE (21%)	43.425,57 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	250.213,99 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÍAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **200.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **79,93158** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79,93158** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/4599/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non



supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución



- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.



VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

A execución da obra por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.



30.2.- Se a Administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento deste prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobro nos termos dispostos na Lei do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as Medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e art. 198 LCSP

Non obstante o indicado no apartado anterior, no caso de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertise no momento de prestar conformidade á certificación, expresamente e por escrito a existencia deste, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivera algún erro ou omisión ou esta non se presentou á entidade contratante, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que se presente esta no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FaCE) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentárase no rexistro da entidade correspondente.

30.3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse desta suspensión, nos termos establecidos no art. 198 LCSP.

30.4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se orixinen, se a demora da Administración fose superior a seis meses. (Art. 198.6 LCSP)

30.5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobro, nos termos do artigo 200 do LCSP e nas condicións sinaladas na cláusula 31.5 do prego.

31) ABOAMENTO DA OBRA EXECUTADA.

31.1. Medicións.- A dirección facultativa realizará mensualmente e na forma que estableza o prego de prescricións técnicas, a medición das unidades de obra executadas durante o período de tempo anterior.

O contratista poderá presenciar a realización de tales medicións.

Para as obras ou partes de obra cuxas dimensións e características vaian quedar posterior e definitivamente ocultas, o contratista está obrigado a avisar a dirección coa suficiente antelación, co fin de que esta poida realizar as correspondentes medicións e toma de datos, levantando os planos que as definan, cuxa conformidade subscribirá o contratista.

A falta de aviso anticipado, cuxa existencia corresponde probar ao contratista, queda este obrigado a aceptar as decisións da Administración sobre o particular.

31.2.- Relacións valoradas.- A dirección facultativa tomando como base as medicións das unidades de obra executada a que se refire o apartado anterior e os prezos contratados, redactará mensualmente a correspondente relación valorada á orixe.



31.3.- Certificacións.- As certificacións expediranse tomando como base a relación valorada e tramitaraas a dirección facultativa nos cinco días seguintes do período que correspondan despois da audiencia ao contratista para os efectos da súa conformidade ou reparos.

No suposto de obras plurianuais as certificacións deberán axustarse ás anualidades previstas sen que nunha única certificación se poidan reflectir importes correspondentes a distintas anualidades.

A presentación da factura e certificación de obra deberá realizarse dentro dos primeiros dez días do mes seguinte ao período que corresponda, co fin de garantir o seu pronto pago, especialmente en períodos de peche de exercicio.

31.4.- Pagos.

31.4.1.- Os pagos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada expedidas pola dirección facultativa da obra e aprobadas pola Presidencia ou órgano competente da Corporación. Así mesmo, achegaranse as fotografías do cartel de obra a que se refire a cláusula 19.2. e declaración responsable de que o contratista cumpriu as condicións establecidas nas cláusulas 23, 24, e 35, así como a acreditación do cumprimento dalgunha das condicións especiais de execución.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación.

A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FaCE) salvo aqueles supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarse no rexistro da entidade correspondente, no período comprendido entre os días 1 e 10 do mes seguinte a aquel ao que corresponda a certificación de obra..

A factura deberá conter ademais dos datos establecidos na normativa de facturas, os datos que se detallan na epígrafe 21 do anexo I do prego, e aqueloutros que resulten de aplicación conforme a Resolución de Presidencia número 48798 / 2021 de 17/12/2021, que pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/files/2016/3998/7553/resolucion-tramitacion-facturas-48798.pdf>

As certificacións mensuais terán o carácter de pago a conta, suxeitas ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer en forma ningunha aprobación e recepción das obras que comprenden.

En canto aos prazos e trámites estarase ao disposto no artigo 198 LCSP.

31.4.2. Aboamentos a conta por materiais amoreados

- 1 O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta ata o 75 por 100 do valor dos materiais amoreados necesarios para a obra coa autorización previa do órgano de contratación que terá por único obxecto controlar que se trata destes materiais e que se cumpren os seguintes requisitos:
 - a Que exista petición expresa do contratista, na que acompañe documentación xustificativa da propiedade ou posesión dos materiais.
 - b Que sexan recibidos como útiles e almacenados na obra ou lugares autorizados para iso.
 - c Que non exista perigo de que os materiais recibidos sufran deterioración ou desaparezan.



- d Que o contratista preste a súa conformidade ao plan de devolución das cantidades anticipadas, para deducilo do importe total das unidades de obra en que queden incluídos tales materiais. Este plan elaborarao a dirección de obra acompañándoo coa relación valorada.
- e Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.
- 2 As partidas correspondentes a materiais amoreados poderán incluírse na relación valorada mensual ou noutra independente.
- 3 Para os efectos do cálculo do valor unitario do material tomarase o resultado de aplicar o coeficiente de adxudicación ao valor do custo inicial fixado no correspondente proxecto, incrementado, no seu caso, nas porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

Se a unidade de obra onde se atopa o material obxecto do aboamento non tivese a regulamentaria descomposición de prezos e non figurase no proxecto o custo inicial fixarao a dirección da obra, non podendo exceder o 50 por 100 do prezo desta unidade de obra.

4. Soamente procederá o aboamento da valoración resultante cando exista crédito suficiente con cargo á anualidade correspondente no exercicio económico vixente. No caso de que non se puidese cubrir a totalidade do aboamento a conta reflectido na relación valorada, procederase ao aboamento que corresponda ao crédito dispoñible da anualidade do exercicio económico de que se trate.

31.4.3. Aboamentos a conta por instalacións e equipos.

1. O contratista terá dereito a percibir aboamentos a conta por razón das instalacións e equipos necesarios para a obra, de acordo coas regras seguintes:

- a O aboamento virá determinado pola parte proporcional da amortización, calculado de acordo coa normativa vixente do imposto sobre sociedades, tendo en conta o tempo necesario de utilización.
- b No caso de instalacións, o aboamento non poderá superar o 50 por 100 da partida de gastos xerais que resten por certificar ata a finalización da obra e no de equipos o 20 por 100 das unidades de obra aos prezos contratados que resten por executar e para as cales se faga necesaria a utilización daqueles.
- c O cálculo da cantidade que se vai aboar acompañarase dunha memoria explicativa dos resultados obtidos.
- d Que o contratista constitúa aval de acordo co previsto no 31.4.4 deste prego.

2. En canto aos requisitos para estes aboamentos, tramitación e devolución estarase ao disposto no apartado 31.4.2.

31.4.4. Garantías por aboamentos a conta por materiais amoreados e por instalacións e equipos.

Para realizar este aboamento será necesaria a constitución previa do correspondente aval polo importe correspondente ao do respectivo aboamento a conta, de acordo co establecido no art. 240 LCSP

O contratista terá dereito á cancelación total ou parcial destas garantías a medida que vaian tendo lugar as deducións para o reintegro dos aboamentos a conta percibidos.



31.5.- Os contratistas que teñan dereito de cobranza fronte á Administración, poderán cedelo conforme a dereito.

Para que a cesión do dereito de cobranza teña plena efectividade fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación irrefutable a esta do acordo de cesión. Para ese efecto, considerarase que a notificación se produciu cando se consignou mediante dilixencia no documento xustificativo do crédito, a toma de razón no Libro de Rexistro de Transmisións de Certificacións.

Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago deberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pago a nome do contratista producirán efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobranza non producirán efectos fronte á Administración. En todo caso, a Administración poderá opoñer fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

32) PRÓRROGAS.

Se o atraso na execución das obras fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecese cumprir o seu compromiso se se lle dá unha prórroga do tempo que se lle sinalou, o órgano de contratación poderá concedela por un prazo que será polo menos igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor.

33) PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en demora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista por causas imputables a este, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato.

A Administración terá esta facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

34) MODIFICACIÓNS DE OBRAS.

34.1. Supostos.



O contrato administrativo só poderá modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a Cando así se previu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 LCSP.
- b Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205 LCSP.

34.2.- En ningún caso o técnico director das obras ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Antes de proceder á redacción da modificación do proxecto deberá darse audiencia ao redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se prepararon por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos, para que, nun prazo non inferior a tres días, formule as consideracións que teña por conveniente.

A mencionada aprobación corresponderalle ao órgano de contratación, despois de audiencia ao contratista, fiscalización do gasto e existencia de crédito, e existencia de razóns de interese público, de acordo co disposto nos artigos 203 a 207 e 242 LCSP.

34.3. Non terán a consideración de modificacións (art. 242.4 LCSP):

34.3.1. O exceso de medicións

Entendendo por tal a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial. Este exceso de medicións será recollido na certificación final da obra.

34.3.2. A inclusión de prezos novos

Fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que:

- 1 Non supoñan incremento do prezo global do contrato
- 2 Nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 3 por cento do seu orzamento primitivo.

34.4 A modificación do contrato non poderá realizarse co fin de engadir prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato co fin de que poida cumprir finalidades novas non contempladas na súa documentación preparatoria, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

34.5. En todo caso as modificacións realizaranse de forma xustificada, por razóns de interese público e sempre que sexan estritamente necesarias, tendo en conta os principios de austeridade, e control do gasto, eficiencia e boa administración, así como o de proporcionalidade

34.6. Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación do contrato



34.6.1. Límite cuantitativo. O contrato poderá modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial, na forma e co contido seguintes:

34.6.2. Condicións .A modificación versará sobre os aspectos que se especifican no anexo VI, relativo a modificacións do contrato previstas ,onde se indican de forma clara, precisa e inequívoca o seu contido con detalle suficiente, o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que poderá facerse uso desta por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva;

O procedemento que vaia seguirse para realizar a modificación será o seguinte:

- 1.-proposta motivada do redactor do proxecto ou no seu caso do director.
- 2.-Autorización do órgano de contratación.
- 3.-Redacción do proxecto. Audiencia, no seu caso , ao redactor do proxecto e ao contratista no prazo mínimo de 3 días
- 4.- Informe de Secretaría (ou Asesoría Xurídica en municipios do título X Lei 7/85, de bases de réxime local)
- 5.- Fiscalización por Intervención.
- 6.-Existencia de crédito adecuado e suficiente.
- 7.- Aprobación polo órgano de contratación.
- 8.- Formalización en documento administrativo da modificación.

34.6.3 Imposibilidade de establecer novos prezos unitarios non previstos.

A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato, salvo nos supostos dispostos na cláusula 34.3.2

34.6.4. Non alteración da natureza global.

En ningún caso as modificacións poderán alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que se altera este se se substitúen as obras, as subministracións ou os servizos que se van adquirir por outros diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de obra, subministración ou servizo puntual.

34.7. Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación

As modificacións non previstas no prego, ou que sendo previstas, non se axusten ao establecido no art. 205 LCSP só poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

34.7.1. Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, son os seguintes:

34.7.1.A) Cando devíñese necesario engadir obras, adicionais ás inicialmente contratadas, a condición de que se dean os dous requisitos seguintes:



34.7. A .1 . ° Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico,

Por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir obras, servizos ou subministracións con características técnicas diferentes aos inicialmente contratados, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerese inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación. En ningún caso se considerará un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

34.7.1. A.2. ° Modificación cuantitativa.

Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, sen IVE.

34.7.1. B) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevindas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato.

A condición de que se cumpran as tres condicións seguintes:

34.7.1. B.1.° Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha administración dilixente non puidese prever.

34.7.1. B. 2. ° Que a modificación non altere a natureza global do contrato.

34.7.1. B. 3.° Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, sen IVE.

34.7.1. C) Cando as modificacións non sexan substanciais.

Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade destas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial. Unha modificación dun contrato considerárase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao realizado nun principio. En calquera



caso, unha modificación considerárase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

34.7.1. C.1. ° Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación. En todo caso considerárase que se dá o suposto disposto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

34.7.1. C.2. ° Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial. En todo caso considerárase que se dá o suposto disposto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciranse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

34.7.1. C.3. ° Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato. En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do seu prezo inicial, sen IVE, ou ben que supere o limiar sinalado no artigo 20

(ii) As obras, obxecto de modificación estean dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciara a tramitación do expediente de contratación.

34.7.2) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

34.8. Obrigatoriedade.

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, sen IVE (art. 206).



Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de contratación despois da conformidade por escrito deste, resolvéndose o contrato en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.

34.9 Regra específica neste contrato de obras

34.9.1 No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha.

34.9.2 Modificacións que supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación

Os prezos aplicables a estas fixaraos a Administración, logo da audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Cando o contratista non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixara, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme o artigo 211 desta lei.

34.9.3. Modificacións que contemplen unidades de obra que vaian quedar posterior e definitivamente ocultas

Antes de efectuar a medición parcial destas, deberá comunicárselle á Intervención da Administración correspondente, cunha antelación mínima de cinco días, para que, se o considera oportuno, poida acudir a este acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso, sen prexuízo de, unha vez terminadas as obras, efectuar a recepción, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 243, en relación co apartado 2 do artigo 210. LCSP.

34.10. Tramitación.

Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e cumpíranse os requisitos que para ese efecto regula a LCSP, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se tramitará de acordo coas condicións da cláusula 34.6.2.

34.11. Tramitación dunha modificación que esixa a suspensión temporal total da execución das obras e iso ocasione graves prexuízos para os intereses públicos

O órgano de contratación poderá acordar que estas continúen provisionalmente tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que

- 1.- O importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato, sen IVE.
- 2.- E exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.



O expediente de continuación provisional que se vai tramitar para o efecto esixirá exclusivamente a incorporación das seguintes actuacións:

- a** Proposta técnica motivada efectuada polo director facultativo da obra, onde figure o importe aproximado da modificación, a descrición básica das obras que vai realizar e a xustificación de que a modificación se atopa nun dos supostos dispostos no apartado 2 do artigo 203.
- b** Audiencia do contratista.
- c** Conformidade do órgano de contratación.
- d** Certificado de existencia de crédito.
- e** Informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, no caso de que na proposta técnica motivada se introduciran prezos novos. O informe deberá motivar a adecuación dos novos prezos aos prezos xerais do mercado, de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 102.

No prazo de seis meses contados desde o acordo de autorización provisional deberá estar aprobado tecnicamente o proxecto, e no de oito meses o expediente da modificación do contrato.

Dentro do citado prazo de oito meses executaranse preferentemente, das unidades de obra previstas, aquelas partes que non vaian quedar posterior e definitivamente ocultas. As obras executadas dentro do prazo de oito meses, serán obxecto de certificación e aboamento nos termos dispostos na presente lei coa seguinte singularidade:

34.12. Cando a modificación non resulte obrigatoria para o contratista, esta só será acordada polo órgano de contratación despois da conformidade por escrito deste, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.

34.13 Reaxuste de garantía.- Cando como consecuencia da modificación do contrato aumente o seu prezo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo final ofertado (sen IVE) Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.

Nas obras contratadas polos concellos e incluídas en plans provinciais estarase, ademais, ao disposto nas normas reguladoras do plan ou instrucións redactadas pola Deputación.

35) CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATO DE OBRAS.

35.1. Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes dun contrato de obras sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, cos requisitos e condicións establecidos no artigo 214 LCSP.

O cesionario deberá constituír a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro deste prazo dará lugar á resolución do contrato.



35.2. Subcontratación

35.2.1 En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución deste, ao órgano de contratación a intención de celebrar os subcontratos, sinalando:

- 1.- A parte da prestación que se pretende subcontratar
- 2.- E a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista,
- 3.- E xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditando que este non se atopa incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71. O contratista principal deberalle notificar por escrito ao órgano de contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas. No caso de que o subcontratista tivese a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a súa aptitude. A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

Os licitadores terán a obrigaón de comunicar os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por realizarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente nesta ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, e non poderán realizarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación e achegando as xustificacións a que se refire o apartado 35.2.1 deste apartado, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a Administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición a estes. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas foran identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional. Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa celebración é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

35.2.2. Efectos do incumprimento en materia de subcontratación

A infracción das condicións establecidas no apartado anterior para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras dispostas nesta lei, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias, cando así se previu nos pregos:

- a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.
- b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211.

35.2.3. Obrigacións

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, con



conformidade estrita ao prego de cláusulas administrativas particulares, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigacións en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201. O coñecemento que teña a Administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refire esta cláusula non alterará a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertar o contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico, ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71.

O contratista deberá informar os representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 terán en todo caso natureza privada.

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional quincuaxésima primeira da LCSP os subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

Así mesmo o contratista e subcontratistas deberán observar os requisitos e condicións establecidas na Lei 32/2006 do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e Real decreto 1109/2007 do 24 de agosto polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

35.3. Obrigación de cumprimento de prazos de pago a subcontratistas

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 216. LCSP.

35.4. Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores:

A Administración contratante, a través da dirección da obra ou outros técnicos designados polo órgano de contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato han de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitiranlle á Administración contratante, cando esta o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación. Estas obrigacións considéranse condicións esenciais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias dispostas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades do 10% do prezo do contrato, respondendo a garantía definitiva das penalidades que se impoñan por este motivo.

No prego aplicaranse as penalidades dispostas na cláusula 33 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato)



35.5. Execución directa polo contratista principal de tarefas críticas, que non poderán ser obxecto de subcontratación.

De conformidade co disposto no art. 215.2, e) no anexo IX do prego determínanse as tarefas críticas que non poden ser obxecto de subcontratación e que deberán ser executadas directamente polo contratista principal.

36) RECEPCIÓN DAS OBRAS E CERTIFICACIÓN FINAL.

O contratista comunicarlle por escrito ao facultativo director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizarase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras.

O contratista deberá entregar neste acto de recepción o soporte electrónico no que se recollan as fotografías e/ou reportaxe en vídeo da execución da obra a que se refire a cláusula 19.2.

O contratista ten obrigação de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obrigação o representante da Administración remitiralle un exemplar da acta para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción levantarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal cada un deles.

Cando as obras non se achen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o director destas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se logo de transcorrer este prazo o contratista non o efectuou, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que lle será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo disposto na lei. En canto ao prazo do xuro de mora estarase ao establecido na cláusula 30.2 deste prego.

Obras contratadas polos concellos: Calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista, deberá ser financiado integramente polo concello contratante.

37) PRAZO DE GARANTÍA.

O prazo de garantía terá unha duración dun ano contado desde a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado á garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do técnico-director, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obrigação, os traballos necesarios para a súa reparación executaraos a Administración contratante, por conta do contratista.



38) LIQUIDACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

A) Obras contratadas pola Deputación.

Dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no art. 241 LCSP (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose á devolución ou cancelación da garantía e á liquidación, no seu caso, das obrigacións pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

Con todo no caso de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de contratación poderá ordenar a execución destas a outra empresa, correndo por conta do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo á garantía se fora suficiente, e se o importe da reparación excedese do importe da garantía esixirase o aboamento destes gastos pola vía de constrinximento.

B) Obras contratadas polos concellos.

B.1) Será de aplicación o establecido no apartado A desta cláusula.

B.2) Ademais, calquera saldo de liquidación que resulte a favor do contratista deberá financeiro integralmente o concello contratante.

39) CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán as dispostas nos artigos 211 LCSP, cos efectos dispostos no artigo 212, 213 e 246. LCSP.

Serán así mesmo causas de resolución específicas do contrato o incumprimento das condicións especiais de execución establecidas nas cláusulas 12,18, 23, 27 e 35 do prego.

Ademais considerarase causa de resolución do contrato por incumprimento de obrigación esencial, o incumprimento dos fitos ou obxectivos por causas imputables ao contratista, no caso de que tal atraso supoña un prexuízo significativo para a entidade contratante

40) RÉXIME XURÍDICO.

Este contrato de execución de obras ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias) e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.



As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resolto polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, despois da interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 44 da LCSP, os interesados poderán interpoñer o recurso especial en materia de contratación.

O contrato queda sometido ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP)

Esta contratación financiada con fondos procedentes do Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU»), con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) atópase suxeita ás seguintes normas:

- O Regulamento (UE) 2021/240, do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de febreiro de 2021 polo que se establece un instrumento de apoio técnico
- O Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- As especialidades en materia de contratación reguladas no Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, de carácter básico (art. 50 réxime excepcional de tramitación urgente), así como, as disposicións que, non tendo carácter básico, serán de aplicación supletoria respecto á materia que se regula.
- A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- A Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do Sector Público Estatal Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- A Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- Así mesmo, a contratación está suxeita, en todo caso, ao cumprimento execución e realización dos fitos e obxectivos fixados no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, de conformidade coa Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decisión-CID) e estará sometida á plena aplicación dos procedementos e control que se establezan para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e demais normativa da Unión Europea aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como, ás obrigacións específicas relativas á información e publicidade, á verificación e ás demais impostas pola normativa da Unión Europea



- O Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), aprobado polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión con data do 23 de xuño de 2022, e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 125 do 4 de xullo de 2022 e Resolución da Presidencia número 34223/2022, do 4 de agosto de 2022, pola que se designan o presidente e o secretario do comité anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (cadecor)
- Así mesmo o contrato estará suxeito a canto normas de desenvolvemento se aproben, no que resulte aplicable a este procedemento.

41. USO DOS LOGOTIPOS EN ACTIVIDADES RELACIONADAS CO CONTRATO

Por ser un proxecto financiado con fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU (PRTR), os contratistas, subcontratistas e a administración en todas as actuacións relacionadas e todos os documentos, carteis, publicidade, sinais, folletos indicativos, etc....materiais e os seus compoñentes editados/fabricados especificamente deberán de incluír os logotipos reflectidos a continuación:



**Financiado por
la Unión Europea**
NextGenerationEU



ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. OBXECTO	DENOMINACIÓN DO PROXECTO: COMPOÑENTE: INVESTIMENTO: PROXECTO: SUBPROXECTO: FITOS: OBXECTIVOS:	
2. CODIFICACIÓN		
	Vocabulario común de contratos (CPV)	
3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	A.-Obras anuais Base imponible Importe IVE Total	 Euros (con IVE INCLUÍDO)
	B.- Obras plurianuais Base imponible Importe do IVE Total	Exercicio orzamentario importe (con IVE INCLUÍDO) 202... 202....
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible: 20% (modificacións previstas do proxecto): Total VALOR ESTIMADO	
4. BIS. REGULACIÓN HARMONIZADA	☐ a) contrato non suxeito a regulación harmonizada ☐ b) contrato suxeito a regulación harmonizada	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO:	
	Non se aplicará en ningún caso a redución do prazo como criterio de valoración	
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	☐ Non se esixe ☐ Esíxese (indicar grupo, subgrupo e categoría) Grupo subgrupo categoría _____ _____ _____	



8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Grupo</th><th>subgrupo</th><th>categoría</th></tr> </thead> <tbody> <tr><td>_____</td><td>_____</td><td>_____</td></tr> <tr><td>_____</td><td>_____</td><td>_____</td></tr> <tr><td>_____</td><td>_____</td><td>_____</td></tr> <tr><td>_____</td><td>_____</td><td>_____</td></tr> </tbody> </table>	Grupo	subgrupo	categoría	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____	_____
Grupo	subgrupo	categoría														
_____	_____	_____														
_____	_____	_____														
_____	_____	_____														
_____	_____	_____														
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	Con carácter exclusivo e excluínte: A) ☐ Plataforma de contratación do sector público https://contrataciondelestado.es B) ☐ Plataforma de contratos públicos de Galicia															
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	☐ A) Tramitación ordinaria: _____ días (cláusula 11) ☐ B) Tramitación urgente: _____ días .															
11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACION (DEUC)	https://visor.registrodelicitadores.gob.es/espd-web/filter?lang=es															
12. PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN	Non se establece															
13. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN	Ver cláusula 27															
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Enderezo páxina web deputación: www.dacoruna.gal Enderezo páxina web concello: -----															
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do prezo final ofertado, sen IVE. Prevese a posibilidade de constituír a garantía mediante retención no prezo ☐															
16. TAXAS DO CONTRATO																
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais e plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE B) Obras plurianuais, con prazo superior a dous anos: (cláusula 4.2) B2. PROCEDE ☐ FÓRMULA _____															
18. CONTROL DE CALIDADE	Os gastos asúmeos a Administración															
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR	NON SE ESIXE. Non obstante a Administración co fin de garantir unha maior información ás empresas poderá publicar anuncios en medios de comunicación, correndo no seu caso a															



**CONTA DO
CONTRATISTA**

Administración cos gastos.

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE:

TELÉFONO:.....

CORREO ELECTRÓNICO.....

CARTEL DE OBRA.....

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL.....

NIF.....

CÓDIGO.....

21.2.- ÓRGANO DECISOR/XESTOR. ALCALDE/PRESIDENTE.....

CÓDIGO.....

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE

CÓDIGO.....

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA

CÓDIGO.....

21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE.....

CÓDIGO DE PROXECTO.....

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTER COPIAS DO PROXECTO E

PREGO.....Perfil de contratante integrado en plataforma de contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.



ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D. _____

con domicilio no municipio de _

rúa _____

número _____ provincia _____
país.....

teléfono _____

con DNI /NIF (ou pasaporte ou documento que o substitúa) número ____

actuando en nome propio (ou en representación de _____). ____

DNI ou NIF número _____

e con domicilio no municipio de _____.

rúa _____

número _____, provincia....., país.....

teléfono _____

*Toma parte no procedemento aberto con pluralidade de criterios para a adxudicación da
execución das obras comprendidas no Proxecto de*

e para cuxos efectos fai constar que:

1.º.- Coñece e acepta as obrigacións derivadas dos pregos de cláusulas administrativas
particulares do contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

2.º.- Acompaña a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas
particulares.



3.º.- *Fai constar que nesta licitación (indicar o que proceda):*

a) ____ *Non concorre con empresas vinculadas.*

b) ____ *Concorre coa/as seguinte/s empresa/s:*

Denominación

NIF

4.º.- **Prezo**

Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA) :

A) *Prezo sen IVE..... euros).*

B) *imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :..... %. Importe.....
...euros*

C) *TOTAL (A+ B).....euros*

5.º.- ***Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres
traballadoras***

Declara responsablemente que na data de publicación da licitación:

5.1.- *O número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) do cadro de
persoal é de ____ persoas e, destas, o número de persoas directamente relacionadas
coa execución de obras en xeral é de _____ persoas*

5.2.- *O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato
fixo por tempo indefinido e a xornada completa no cadro de persoal nos últimos 12
meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma é de
____ persoas¹, o que representa un ____ % sobre o número global de persoas*

¹ Indicarase o maior número de persoas con contrato fixo, por tempo indefinido e a xornada completa en persoal dos últimos 12 meses.



traballadoras (homes e mulleres) no cadro de persoal.

5.3.- O número particular de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa no cadro de persoal é de___ mulleres, o que representa un___ % sobre o número global de persoas traballadoras fixas no cadro de persoal.

5.4.- O número de traballadores que foran contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procederan de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego, é de ----, o que representa un -----% sobre o persoal global da empresa.

(Lugar, data e sinatura)

6.º.- PLAN DE IGUALDADE (marcar o que proceda)

A empresa ten implantado un plan de igualdade	
A empresa non ten implantado un plan de igualdade	

7.º.- Que prevé subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

UNIDADES OU PARTES DE OBRA QUE SE VAI SUBCONTRATAR.	IMPORTE CON IVE INCLUÍDO	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA
TOTAL		

_____ o _____ de _____ 20__

O licitador (asinado)



ANEXO III: IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO

C.1 IDENTIFICACIÓN DO ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO (1)

- A. DOCUMENTACIÓN (ARQUIVO OU SOBRE A)
- B. REFERENCIAS TÉCNICAS. CRITERIOS NON AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO B)
- C. OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (ARQUIVO OU SOBRE ELECTRÓNICO C)

1. Indicar sobre A, B ou C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.



ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta que o prego ten o carácter de prego tipo que rexerá as obras tanto de Deputación como obras de concellos comprendidas en diversos plans, a puntuación que figura nel parte das seguintes premisas:

1.º.- Para cada criterio de valoración establécese un abano de puntuación mínima e máxima, que determinará o órgano de contratación.

2.º.- Para cada contrato específico o órgano de contratación indicará neste prego cal é a puntuación concreta do correspondente criterio de valoración, que se detallará no anexo número IV.II.

3.º En todo caso a puntuación atribuída por todos os criterios considerados deberá estar referida como máximo a 125 puntos e como mínimo a 80 puntos. Os criterios non avaliábles mediante fórmulas non poderán exceder do 44% do total de puntos, e os avaliábles mediante fórmulas do 56%, e dentro deste o prezo deberá representar polo menos un 50% dos criterios avaliábles mediante fórmulas.

FASE I

1. CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

a) Plan de control de calidade (cláusula 12 e 15) **ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSION SUSPERIOR A 10 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (10 PÁXINAS)**

Valorarase:

- suficiencia do control de calidade na recepción de materiais en obra

Idoneidade do plan de control de calidade proposto para a obra.

- Evitar duplicidades nos controis dos ensaios para realizar a propia empresa e a administración.

- suficiencia do control de calidade nos procesos construtivos

- adecuación da estrutura técnico-administrativa responsable, na empresa e na obra

Abano: **de 0 a 15 puntos**



CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presenta unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presenta unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presenta unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presenta unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

b) Programa de traballo (cláusula 12 e 15): ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUSPERIOR A 25 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (25 PÁXINAS)

Valorarase:

- análise correcta do ámbito de actuación
- análise correcta de posibles afeccións ao territorio, servizos preexistentes ou persoas
- descrición técnica adecuada dos traballos que se van realizar
- disposición adecuada de elementos auxiliares na parcela ou bordo da estrada (casetas de obra, guindastres, colectores, maquinaria, etc.)
- circulación apropiada de persoal e maquinaria pola obra
- calidade suficiente dos materiais que se van empregar en obra
- coherencia dos diagramas de Gantt e PERT.
- adecuación dos medios humanos asignados á obra, por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- adecuación dos medios materiais asignados á obra por encima dos mínimos indicados no proxecto ou no prego de cláusulas administrativas particulares
- Descrición de posibles problemáticas ou desviacións durante a execución

Abano: de 0 a 20 puntos



CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de traballo que presenta unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presenta unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presenta unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de traballo que presenta unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

c) Programa de actuación ambiental (cláusula 12 e 15): ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUSUPERIOR A 15 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (15 PÁXINAS)

Valorarase:

- análise correcta da relación da obra co medio ambiente
- análise correcta das posibles afeccións ambientais
- descrición axustada das medidas de control e corrección previstas
- adecuación das medidas de reciclaxe de residuos sólidos e líquidos
- xustificación da certificación ambiental dos materiais que se van empregar
- axuste das medidas de aforro enerxético que se van adoptar
- axuste das medidas de recuperación e rexeneración ambientais que se van adoptar ao final da obra
- Informe completo da xestión dos residuos na súa trazabilidade e procesos
- Emprego de materiais con certificados sostibles, reciclados ou reciclábeis
- axuste doutras medidas destinadas a minorar o impacto ambiental dos traballos que se van realizar
- descrición adecuada dos vertedoiros e centros de xestión de residuos
 - axuste dos medios humanos asignados á xestión ambiental, na empresa e na obra

Abano: de 0 a 10 puntos



CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN AMBIENTAL que presenta unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presenta unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presenta unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presenta unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

d) Esquema do Plan de seguridade e saúde (cláusula 12 e 15): **ESTE PROGRAMA NON PODERÁ TER UNHA EXTENSIÓN SUSUPERIOR A 15 PÁXINAS, NON SE VALORARÁ A DOCUMENTACIÓN QUE EXCEDA DESTE MÁXIMO (15 PÁXINAS)**

Abano: de 0 a 10 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presenta unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra	Ata 100%
Ofertas que presentan un esquema do plan de seguridade e saúde que presenta unha definición completa con insuficiente adaptación á obra	Ata 65%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presenta unha definición parcial con suficiente adaptación á obra	Ata 30%
Ofertas que presenten un esquema do plan de seguridade e saúde que presenta unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra	0%

EXCLUSIÓNS

As empresas que non superen a puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na fase 1 coa suma da puntuación correspondente aos criterios de valoración: plan de control de calidade, programa de traballo, programa de actuación ambiental, esquema do plan de seguridade e saúde, non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídos da segunda fase e do procedemento aberto con multiplicitade de criterios.



FASE II

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS:

II.1. OFERTA ECONÓMICA

Oferta económica:

Abano: de 0 a 40 puntos

De acordo coa fórmula elaborada, por demanda da Deputación provincial da Coruña, pola Facultade de Matemáticas da USC e cuxa desagregación, explicación da fórmula e aplicación para o seu coñecemento figura no anexo VIII e na seguinte ligazón:

<https://www.dacoruna.gal/valoracion/>

II.2 ESTABILIDADE NO EMPREGO

II.2.1. Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa.

Abano: de 0 a 10 Puntos

Segundo a documentación que se inclúa no arquivo ou sobre electrónico C o licitador, (cláusula 12) terase en conta a porcentaxe de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma, en relación co total de persoas traballadoras (homes e mulleres) do persoal.

Para valorar este criterio o cadro de persoal deberá estar formado por un mínimo de 5 traballadores, directamente relacionados coa execución de obras en xeral.

Obterá a máxima puntuación a empresa que teña unha porcentaxe do 75% ou máis.

O resto valorarase proporcionalmente, en relación co 75%

As empresas que contén cunha porcentaxe menor do 40% de persoal fixo non se valorarán.

II.2.2. Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa

Abano de 0 a 10 puntos



O licitador que, na data de publicación da licitación, segundo a documentación que inclúa no arquivo o sobre electrónico C, (cláusula 12) conte cunha porcentaxe de mulleres **traballadoras** con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en relación co total de persoas traballadoras fixas do **cadro de persoal recibirá a puntuación que se indica a continuación:**

- 1. Empresas de 25 ou menos traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as que contén cunha porcentaxe do 12% ou máis, o resto valoraranse proporcionalmente**
- 2. Empresas entre 26 e 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que contén cunha porcentaxe do 10% ou máis, o resto valoraranse proporcionalmente**
- 3. Empresas de máis de 100 traballadores fixos por tempo indefinido e xornada completa: Obterán a máxima puntuación as empresas que contén con 8% ou máis, o resto non se puntuarán.**

II.2.3.- Contratación desempregados

Abano de 0 a 5

O licitador que teña a maior porcentaxe de traballadores que fosen contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego conseguirá a máxima puntuación. As demais porcentaxes valoraranse proporcionalmente

II.3 IGUALDADE

Existencia de plan de igualdade na data de publicación da licitación

Abano de 0 a 5 puntos

No caso de que se valore a existencia dun plan de igualdade, a empresa estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo de execución do contrato. A empresa que conte con plan de igualdade acreditado ou presentado no rexistro correspondente obterá a máxima puntuación deste criterio, a empresa que non conte con plan de igualdade cualificarase con 0 puntos.


ANEXO IV.II: CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA O PRESENTE CONTRATO

TIPO DE CRITERIO	DENOMINACIÓN		PUNTUACIÓN ASIGNADA
CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	Plan de control de calidade		
	Programa de traballo		
	Programa de actuación ambiental		
	Esquema do Plan de seguridade e saúde		
CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	OFERTA ECONÓMICA		
	ESTABILIDADE NO EMPREGO	Porcentaxe de persoal fixo en relación co persoal global da empresa	
		Porcentaxe de mulleres en relación co persoal global da empresa	
		Contratación desempregados	
	IGUALDADE		

ANEXO V: MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS REQUIRIDOS PARA EXECUTAR A OBRA. DOCUMENTO PARA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN.

(Cláusula 12 e 16)

1. MEDIOS PERSOAIS:

CATEGORÍA PROFESIONAL	TITULACIÓN REQUIRIDA	NÚMERO PERSOAS



2. MEDIOS MATERIAIS

	CARACTERÍSTICAS	NÚMERO UNIDADES	OBSERVACIONES
2.1. MAQUINARIA			
2.2. EQUIPOS			
2.3. MEDIOS AUXILIARES			

Os licitadores deberán presentar unicamente a declaración, axustada ao modelo indicado na cláusula 12.a.2 e o licitador que presente a mellor oferta deberá presentar este documento, coa documentación xustificativa, de acordo co disposto na cláusula 16 e 12.a .2...

**Anexo VI.****ESPECIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS DO CONTRATO DISPOSTAS NO PRESENTE PREGO. DOCUMENTO PARA CUBRIR A ADMINISTRACIÓN .**

De acordo co establecido no art. 204 LCSP poderán ser obxecto de modificación,

1.-por razóns de interese público,

2.- ata un máximo do 20% do prezo inicial,

as seguintes unidades de obra:

Unidade de obra modificable	Descrición da modificación	Cuantificación estimada

A modificación non poderá supoñer o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato



Anexo VII.1

COMPROMISOS E DECLARACIÓNS DOS LICITADORES

Nome e apelidos _____

con domicilio no concello de _____

provincia de _____ país _____ rúa _____

teléfono _____ número _____

electrónico _____ con DNI/NIF _____ correo electrónico _____

en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con DNI/NIF _____

_____ e domicilio no concello de _____ rúa _____

_____ número _____ provincia de _____

_____ país _____ teléfono _____, correo electrónico _____

_____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de -

Título: _____

1.º) Declara que se compromete a adscribir á obra..... os medios persoais e materiais esixidos no anexo V e a presentar dentro do prazo establecido na cláusula 16.1. deste prego que rexe a contratación a documentación xustificativa diso á que se refire a cláusula 16.1.11 no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa

2.º) Comprométese a levar a cabo durante a execución do contrato polo menos unha das condicións de execución que se detallan na cláusula 27

3.º) Declara:

3.1) Que o número global de traballadores no cadro de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade no cadro de persoal de _____, o que representa un _____% ²(superior en.... %³, ao mínimo legal establecido)

O incumprimento deste compromiso de adscripción considerárase incumprimento de obrigação esencial para os efectos dispostos no art. 211 e 192.2.LCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do prego.

2A porcentaxe exprésase con dous decimais

3 A porcentaxe exprésase con dous decimais



3.2) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade en persoal é do _____ % ⁴

De acordo co artigo 71.1.d) LCSP constitúe unha prohibición de contratar para as empresas de 50 ou máis traballadores, non contar con polo menos o 2 por cento de persoas traballadoras con discapacidade no seu persoal.

Para calcular esta porcentaxe o redondeo debe ser á baixa, tal e como determina o criterio técnico 98/2016 de Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

No caso de que a empresa estea exenta de cumprir este requisito, deberá presentar xunto con esta declaración a documentación acreditativa correspondente.

3.3) Que a porcentaxe de traballadores beneficiarios do ingreso mínimo vital no momento da súa contratación é de -----%

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

⁴A porcentaxe expresarase con dous decimais



ANEXO VII.2 DECLARACIÓNS DO ADXUDICATARIO E SUBCONTRATISTAS

Estas declaracións deberá presentalas o adxudicatario do contrato xunto coa documentación de adxudicación indicada na cláusula 14 do PCAP.

VII.2.1.- Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

EXPEDIENTE 202XXXXXXXXX

Co fin de garantir a obxectividade e imparcialidade neste procedemento de contratación, a persoa que subscribe o documento, na súa condición de (cargo representativo/persoal funcionario/membro designado do comité de expertos) e, por tanto, participante no procedemento de (elaboración/tramitación/resolución) do expediente,

DECLARA:

PRIMEIRO.- Que con carácter previo a súa intervención neste expediente foi debidamente informado do seguinte:

- 1 Que o artigo 61.3 “Conflito de intereses” do Regulamento UE/2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da Unión Europea) establece que “existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións poida verse comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal”.
- 2 Que o artigo 64, “Loita contra a corrupción e prevención de conflito de intereses” da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de intereses como “calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no seu resultado, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación”.
- 3 Que o apartado 3 da disposición adicional centésima décimo segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que “a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisor, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións”.
- 4 Que o apartado 4 da devandita disposición adicional centésima décimo segunda establece que:
 - “A través dunha aplicación informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida producir un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento.
 - Para a identificación das relacións ou vinculacións á devandita aplicación informática conterà, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2 d).iii) do Regulamento (UE)



241/2021, do 12 de febreiro, que están nas base de datos da Axencia Estatal da Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos colexios de notarios e rexistradores.

- 5** Que o artigo 23. “Abstención”, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento tanto as autoridades como o persoal no que poida darse algunha das circunstancias que se enumeran a continuación:
- a** Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a aquel, ser administrador de sociedade ou entidade interesada ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
 - b** Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén con asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
 - c** Ter amizade íntima ou inimizade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
 - d** Intervir como perito ou testemuña no procedemento de que se trate.
 - e** Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo ou en calquera circunstancia ou lugar...

SEGUNDO.- Que no momento da sinatura desta declaración e tendo en conta a información que está no seu poder, non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos dispostos no apartado catro da disposición adicional centésima décimo segunda, que poida afectar o procedemento da licitación.

TERCEIRO.- Que se compromete a poñer en coñecemento do (órgano de contratación/comité de expertos) de maneira inmediata calquera situación de conflito de interese que puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

CUARTO.- Que coñece que unha declaración de ausencia de conflito de interese que resulte falsa ou falseada pode dar lugar ás responsabilidades administrativas, disciplinarias ou no seu caso xudiciais, ao tratarse dun documento público, sen prexuízo do deber de indemnizar polos danos causados.

E para que así conste, asino a DACI, que se incorpora ao expediente de referencia e sométese á comprobación indicada”.

(Data e sinatura, nome completo e DNI)



VII.2.2.- Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, DNI, como
 Conselleiro Delegado/Xerente/ da entidade
 con
 NIF....., e domicilio fiscal en

..... que participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....», declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento(UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, para efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

i. O nome do perceptor final dos fondos;

ii. o nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;

iii. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);

iv. unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das devanditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), deste artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refire os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme o marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:



VII.2.3.- Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, con DNI, como titular do órgano/Conselleiro Delegado/Xerente/ da entidade, con NIF, e domicilio fiscal en.....

.....na condición de órgano responsable/ órgano xestor/ beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como contratista /ente destinatario do encargo/ subcontratista, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....», manifesta o compromiso da persoa/entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicándolles no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «*do not significant harm*») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

Tamén se compromete ao preceptivo cumprimento das obrigacións asumidas en materia de etiquetaxe verde e etiquetaxe dixital, correspondéndolle ao órgano de contratación a través do responsable do contrato a comprobación do adecuado cumprimento destas obrigacións.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:



VII.2.4.- DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ADHESIÓN AO PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DE DEPUTACIÓN DA CORUÑA COS SISTEMAS DE INFORMACIÓN, XESTIÓN E CONTROL DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

Don/Dona, DNI, como
 Conselleiro Delegado/Xerente/ da entidade
 con
 NIF....., e domicilio fiscal en

..... que
 participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias
 para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....»,
 declara formalmente o compromiso a:

Facilitar o cumprimento do Plan de medidas antifraudes da Deputación Provincial da Coruña relacionado cos sistemas de información, xestión e control do Plan de recuperación, transformación e resiliencia da Deputación da Coruña, entendendo que calquera acción contraria a isto, será obxecto de inicio dun expediente e, no seu caso, poñerá en coñecemento do Comité anti-fraude da Deputación da Coruña (CADECOR), nos termos establecidos no Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), publicado no BOP número 125 de 04/07/2022.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:



Anexo VIII



**Deputación
DA CORUÑA**



Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela⁵

FÓRMULA XERAL DE VALORACIÓN DE OFERTAS EN CONTRATOS E CONCURSOS 2018

1. Notacións

- P : prezo de licitación,
- Pe : prezo de licitación,
- n : número de ofertas,
- $O_1, O_2, \dots, O_n$: valor das n ofertas,
- $R_1, R_2, \dots, R_n$: redución de prazos das n empresas (en días naturais),
- O_m : media das ofertas presentadas ($O_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n O_i$),
- R_m : media das reducións de prazos presentadas ($R_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n R_i$),
- R_{max}, R_{min} : redución de prazos máxima e mínima,
- $B_1, B_2, \dots, B_n$: baixas absolutas ($B_i = P - O_i, i = 1, \dots, n$),
- B_m : baixa porcentual media ($B_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n B_i = P - O_m$),
- $b_1, b_2, \dots, b_n$: baixas porcentuais con respecto a (P $b_i = \frac{B_i}{P} 100, i = 1, \dots, n$),

5Investigadores

Juan M. Víaño Rey – Catedrático de Matemática Aplicada - USC

José R. Fernández García – Profesor Titular de Matemática Aplicada - UVigo



- b_{max}, b_{min} : baixas porcentuais máxima e mínima,
- b_m : baixa porcentual media ($b_m = \frac{1}{n} \sum_{i=1}^n b_i = \frac{B_m}{P} 100$),
- V_{max} : máxima valoración posible,
- W_{max} : máxima valoración de acordo coas ofertas presentadas,
- Vr_{max} : máxima valoración de acordo coas reducións de prazos presentadas,
- V_i : valoración económica da oferta i -ésima entre 0 e W_{max} , $i = 1, \dots, n$,
- Vr_i : valoración da redución de prazos i -ésima entre 0 e Vr_{max} , $i = 1, \dots, n$.

Nota.- Dado que as baixas negativas corresponderían a ofertas superiores ao prezo de licitación (e, por tanto, non admisibles), supóñense que as baixas b_i son iguais ou maiores que cero. Igualmente, como as reducións de prazos negativas corresponderían a prazos superiores ao prazo de execución do contrato ou concurso (e, por tanto, non admisibles), supóñense que as reducións de prazos R_i son iguais ou maiores que cero e menores que o prazo de execución Pe .

2. Algoritmo de valoración económica de ofertas

2.1. Valoración máxima inicial de acordo coa baixa máxima

- Se $b_{max} < 15$ entón $W_{max} = 0,7V_{max} \frac{b_{max}}{15}$.
- Se $15 \leq b_{max} < 25$ entón $W_{max} = 0,7V_{max} + 0,3V_{max} \frac{b_{max} - 15}{10}$.
- Se $b_{max} \geq 25$ entón $W_{max} = V_{max}$.

2.2. Valoración económica entre 0 e W_{max}

A puntuación V_i da oferta i -ésima calcúlase, en función da baixa máxima, por interpolación a cachos da forma seguinte (ver as figuras 1 a 3):

- Se $b_{max} \leq 10^{-6}$ entón $V_i = 0$.
- Se $10^{-6} \leq b_{max} < 15$ entón $V_i = 0,7V_{max} \frac{b_i}{15}$.



- Se $15 \leq b_{\max} < 25$ entón

$$1 \quad \text{Se } b_i \leq 15 \text{ entón } V_i = 0,7V_{\max} \frac{b_i}{15},$$

$$2 \quad \text{Se } b_i > 15 \text{ entón } V_i = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max} \frac{b_i - 15}{10}.$$

- Se $b_{\max} > 25$ entón

$$1 \quad \text{Se } b_i \leq 15 \text{ entón } V_i = 0,7V_{\max} \frac{b_i}{15},$$

$$2 \quad \text{Se } b_i > 15 \text{ entón } V_i = 0,7V_{\max} + 0,3V_{\max} \frac{b_i - 15}{b_{\max} - 15}.$$

Nótese que a puntuación máxima $V_{\max}$ só se alcanza se a baixa máxima ($b_{\max}$) é igual ou superior ao 25% e que, cunha baixa do 15%, sempre se obtén o 70% da valoración máxima.

Nota.- No caso particular en que todas as ofertas son iguais ao prezo de licitación tense $b_1 = b_2 = \dots = b_n = b_m = b_{\max} = 0$ polo que as valoracións anteriores non son válidas (téñense divisións por cero). Neste caso, acordamos outorgar a todas elas unha puntuación nula ($V_i = 0$). Na práctica, esta situación tamén se produce cando as baixas son todas moi pequenas aínda que non sexan exactamente cero. Por iso, propoñemos dar unha puntuación nula a todas as ofertas sempre que $b_{\max} \leq 10^{-6}$.




Figura 1: Representación gráfica das puntuacións se $b_{\max} < 15$.




Figura 2: Representación gráfica das puntuacións se $15 \leq b_{\max} < 25$.




Figura 3: Representación gráfica das puntuacións se $b_{max} \geq 25$.

Neste Contrato non será de aplicación a valoración das reducións de prazo



Anexo IX

Tarefas críticas que obrigatoriamente ten que executar o contratista (art. 215.2 e) LCSP e cláusula 35.5 do prego)

Non esixible neste contrato ☐

Esixible neste contrato ☐ conforme ao seguinte cadro

UNIDADE DE OBRA	IMPORTE A PREZOS DE PROXECTO

12.- Aprobación dun convenio co concello de Ordes para a redacción dun proxecto básico de construción dun Centro Residencial de Maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica, de acordo co art. 68.2 a) da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Nosotros en este punto, lamentablemente, nos vamos a tener que abstener, En este punto y en los dos siguientes. Y ya que hago la intervención en este punto ya queda un poco la explicación de voto para los dos punto siguientes también. Y la explicación de nuestra abstención es la siguiente: porque entendemos que faltan los requisitos esenciales para la creación y puesta en funcionamiento de este servicio; falta el estudio de viabilidad necesario para la puesta en funcionamiento del mismo; el gasto a realizar puede ser contrario a los principios de economía y eficiencia de la asignación de fondos públicos; y, a la vista del informe de Intervención provincial, señala, voy a transcribir de forma literal el informe: “as graves eivas procedementais que están a expor, obsérvase que na actuación proposta quedan pendentes cuestións relevantes e sen resposta”; noutro parágrafo di: “dada a gravidade das eivas advertidas no expediente, recoméndase que non se eleve ao Pleno da Corporación, senón que se proceda a complementar o mesmo coa solicitude e posterior incorporación dos informes preceptivos e coa redacción previa do estudo de viabilidade ou memoria do novo servizo público”.

A la vista del informe de Intervención, lamentándolo muchísimo, porque nosotros



tenemos intención de apoyar estos temas con claridad, y así habíamos quedado, lo que entendemos es que hay que volver al principio –a veces las prisas no son buenas consejeras– y actuar de mano de los servicios de la Diputación para poder encontrar una solución que sea acorde a las necesidades que aquí planteamos. Estando de acuerdo con la idea de hacer estas residencias, estando de acuerdo en los sitios donde se deben hacer, creemos que tenemos que ir de la mano porque el informe de Intervención es lo suficientemente grave como para que nos haga dudar. No es una abstención negativa, es una abstención por prevención al respecto de lo que nos hacen los informes técnicos.

En consecuencia, nosotros en estos tres puntos nos vamos abstener, esperando que, si en un futuro se puede encontrar una solución de la mano de los técnicos de la casa, desde luego en ese momento contará con el voto favorable del Grupo Popular. Esperemos, aparte, y por los tiempos que lleva esto, supongo, espero, confío y deseo que nos toque solucionarlo y lo solucionaremos, como no puede ser de otra manera, de mano de los técnicos de la institución.

Gracias.

Sr. Presidente

Simplemente puntualizar, Sr. Ben, que técnicos da casa son todos, non só unha parte, son todos. E, como ben sabes, respectando a vosa abstención, nosoutros votaremos con toda a tranquilidade do mundo, dado que o criterio de Intervención non o compartimos, nin se comparte por parte da Secretaría desta casa, nin se comparte por parte de expertos administrativistas e catedráticos do eido administrativo e tampouco por parte da Xunta de Galicia, dado que, como ben sabes, está incorporada ao expediente a autorización expresa para que poidamos redactar conforme o artigo 63 da Lei de servizos sociais de Galicia dentro das capacidades que ten esta casa para apoiar, asistir os concellos en cubrir unha demanda que, por desgraza, non está cuberta en toda Galicia e que, se a Deputación ten que empezar a facer isto, é porque precisamente hai esa necesidade de espazos públicos onde atender os nosos maiores. Eu agradezo o matiz positivo da abstención. En calquera caso, non te preocupes que o camiño idóneo para a concreción destes proxectos xa está en vías de resolución.

Imos proceder á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1º.- Iniciar expediente de autorización para a creación, xestión e mantemento de tres centros residenciais para maiores que se ubicarán nos concellos de As Pontes de García Rodríguez, Ordes e Rianxo e solicitar da Xunta de Galicia a súa cooperación mediante a oportuna colaboración interadministrativa.

2º. Aprobar o texto do convenio que se transcribe como Anexo ao presente acordo, para



subscribir co concello de Ordes para a redacción dun proxecto básico de construción dun Centro Residencial de Maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica, de acordo co art. 68.2 a) da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

ANEXO TEXTO DO CONVENIO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORDES PARA A REDACCIÓN DUN PROXECTO BÁSICO DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL DE MAIORES CO FIN DE ELABORAR O PLAN DE VIABILIDADE ECONÓMICA, DE ACORDO CO ART. 68.2A) DA LEI DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA.

Na Coruña, a

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

O Sr. Presidente da Deputación de A Coruña, D. Valentín González Formoso.

O en representación do Concello de Ordes,_____.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas.

MANIFESTAN

A raíz do estudo realizado pola Deputación Provincial para a diagnose e plan de acción en materia de servizos sociais na provincia detectouse unha eiva significativa de dotacións destinadas a maiores, especialmente de tipo residencial. As residencias existentes no territorio non responden a demanda real, ademais de ser en moitos casos de titularidades privada.

Froito do sistema existente moitos maiores vense lonxe do seu entorno, ao non existir recursos próximos, fomentando un desarraigo e unha imposibilidade de seguir vinculados ao núcleo familiar, ocasionando episodios de soidade non desexada.

Por outra banda, a pandemia puxo de relevancia a necesidade doutro modelo residencial, de menor escala, e afastado do modelo clásico similar a unha instalación hoteleira, por un modelo máis asimilado a un conxunto apartamental, vinculado ao entorno e en consonancia cos novos modelos observados noutros países europeos.

Froito desa necesidade nace a vontade da Deputación Provincial de facer un proxecto piloto para a redacción dos proxectos básicos de tres residencias de carácter comarcal, en localizacións escollidas polo seu devalodemográfico.

Do estudo realizado conclúese que as localizacións idóneas para este proxecto piloto de residencias son Ordes, As Pontes de García Rodríguez e Rianxo.



Consonte co anterior, o pasado 31 de marzo foi asinado un protocolo polos representantes da Deputación da Coruña e os concellos de Ordes, As Pontes de García Rodríguez e Rianxo no que se recolle a intención das partes en colaborar neste senso .

Por todo o exposto, a Deputación de A Coruña e o Concello de Ordes acordan formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto a posta a disposición por parte do Concello de Ordes dos terreos necesarios para realizar as tomas de datos e estudos xeotécnicos necesarios para a redacción dun proxecto básico de construción dun centro residencial de maiores no concello e establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ordes para a redacción do proxecto básico por parte da Deputación co fin de elaborar o plan de viabilidade económica exixido polo art. 68.2a) da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e a acreditación dos requisitos establecidos no art. 7.4 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

SEGUNDA.- POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS

Para a futura redacción do proxecto básico de construción do centro residencial de maiores, o Concello de Ordes comprométese a por a disposición da Deputación os seguintes inmobles, coa finalidade de realizar as tomas de datos e estudos xeotécnicos necesarios para a redacción do citado proxecto básico:

O edificio proxectado situarase nos seguintes terreos:

Parcela A5- Ref catastral 81956A5NH4689S0001JP

Parcela 76- Ref catastral 8195676NH4689S0001DP

Parcela 77- Ref catastral 8195677NH4689S0001XP

Parcela 78- Ref catastral 8195678NH4689S0001IP

Parcela 79- Ref catastral 8195679NH4689S0001JP

TERCEIRA.- REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO. CONTRATACIÓN

1.- NORMATIVA E PRESCRICIÓN S TÉCNICAS

Respecto á normativa específica para este uso, residencia de maiores, o proxecto básico deberá cumprir a normativa vixente no momento da redacción.

As prescricións técnicas para a redacción do proxecto remitiranse previamente ao concello para que formule as observacións que considere oportunas.

O edificio proxectado cumprirá co planeamento municipal vixente polo que o Concello facilitará a información necesaria.



2.- CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO

A Deputación contratará a redacción do proxecto básico incluído o previo estudo xeotécnico, de acordo co establecido na normativa de contratos do sector público.

O adxudicatario coordinará os traballos de redacción do proxecto co persoal da Consellería correspondente a fin de tramitar no seu día as autorizacións e permisos que procedan de acordo co establecido na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e na Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

O adxudicatario realizará a preparación da documentación técnica necesaria para as solicitudes de autorizacións sectoriais previas, servizos... ante os distintos organismos competentes do Concello e/ou Xunta de Galicia.

Durante a elaboración do proxecto básico, o adxudicatario dará conta a Deputación, polo menos quincenalmente, dos avances e estado no que se atopa o encargo e a Deputación informará ao Concello de calquera incidencia relacionada coa redacción de proxecto.

CUARTA.- PRAZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO

O prazo de redacción do proxecto básico será tres meses, ininterrompidos, Este proxecto servirá para a solicitude da licenza municipal e demais autorizacións sectoriais que procedan.

QUINTA.- ORZAMENTO TOTAL PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS E FINANCIAMENTO.

O orzamento máximo para a redacción do estudo xeotécnico e posterior redacción do proxecto básico é de **38.500 €** (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

Redacción do Estudo xeotécnico: 3.500,00 €

Redacción do proxecto básico: 35.000,00 €

A Deputación da Coruña asumirá o custo do orzamento da redacción do proxecto e o estudo xeotécnico por un importe máximo total de 38.500 € o que representa unha porcentaxe do 100 %, considerando a singularidade e transcendencia desta actuación.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231.21/227.99 do Orzamento provincial do ano 2023.

Dado que a vixencia do convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ó cumprimento da Lei de Estabilidade Presupostaria.

SEXTA.- SUPERVISIÓN E APROBACIÓN DO PROXECTO.

A Deputación supervisará o proxecto básico e se fose favorable remitirá o proxecto básico ao Concello.

SÉTIMA.- ESTUDO DE VIABILIDADE.

A Deputación realizará o correspondente estudo de viabilidade en coordinación co



concello, requisito imprescindible para o desenvolvemento das seguintes fases.

De igual xeito estudará coa Xunta de Galicia e o Concello a forma de xestión mas adecuada para os intereses públicos e o seu financiamento, e no seu caso tramitarán as correspondentes autorizacións e permisos que procedan de conformidade coa normativa reguladora dos Servizos Sociais e de acordo co art. 7.4 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

Unha vez que quede determinada a viabilidade do proxecto e a actuación conte con todos os informes e autorizacións favorables dos órganos competentes da Xunta de Galicia, a Deputación poderá encomendar ao Concello a redacción do proxecto de execución.

OITAVA.- CONVENIO ADICIONAL

Unha vez cumpridos os trámites a que se refire a cláusula anterior, a Deputación da Coruña e o Concello poderán tramitar, si así o acordan os seus órganos competentes un convenio adicional onde se determine a colaboración e fórmulas de financiamento por ámbalas dúas institucións e, no seu caso, a Xunta de Galicia, na fase de execución e financiamento das obras así como a determinación das formas de xestión e de mantemento da residencia encanto a Xunta de Galicia autorice á Deputación ou ao Concello a creación e posta en marcha do centro residencial de maiores.

NOVENA - PUBLICIDADE.

Na portada do proxecto e no seu interior figurará o logotipo da Deputación e na publicidade institucional e calquera outro acto de divulgación ou presentación que se faga polo Concello de Ordes ou pola Deputación

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, dúas persoas designadas polo presidente da Deputación da Coruña e dúas persoas designadas polo alcalde do Concello de Ordes, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio, coas seguintes funcións:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

UNDÉCIMA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO.

O presente convenio ten natureza administrativa rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

DUODÉCIMA.- INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS.



1.- As dúbidas que poidan xurdir na interpretación do convenio, no caso de discrepancia, serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de seguimento, poñendo fin así á vía administrativa.

2.- No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que no puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

3.- Serán causas de extinción do presente convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial das cláusulas do presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, ou a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente de resolución do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez sexa aprobado polos órganos competentes e formalizado o seu texto e terá vixencia máxima ata o 28 de abril de 2024

Por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de prórroga ata un máximo dun ano mais e poderá modificarse por causas xustificadas. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o seu obxecto."

13.- Aprobación dun convenio co concello de As Pontes de García Rodríguez para a redacción dun proxecto básico de construción dun Centro Residencial de Maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica, de acordo co art. 68.2 a) da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1º.- Iniciar expediente de autorización para a creación, xestión e mantemento de tres centros residenciais para maiores que se ubicarán nos concellos de As Pontes de García Rodríguez, Ordes e Rianxo e solicitar da Xunta de Galicia a súa cooperación mediante a oportuna colaboración interadministrativa.



2º. Aprobar o texto do convenio que se transcribe como Anexo ao presente acordo, para subscribir co concello de As Pontes de García Rodríguez para a redacción dun proxecto básico de construción dun Centro Residencial de Maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica, de acordo co art. 68.2 a) da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

ANEXO TEXTO DO CONVENIO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ PARA A REDACCIÓN DUN PROXECTO BÁSICO DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL DE MAIORES CO FIN DE ELABORAR O PLAN DE VIABILIDADE ECONÓMICA, DE ACORDO CO ART. 68.2A) DA LEI DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA.

Na Coruña, a

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

O Sr. Presidente da Deputación de A Coruña, D. Valentín González Formoso.

O en representación do Concello de As Pontes de García Rodríguez,_____.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas.

MANIFESTAN

A raíz do estudo realizado pola Deputación Provincial para a diagnose e plan de acción en materia de servizos sociais na provincia detectouse unha eiva significativa de dotacións destinadas a maiores, especialmente de tipo residencial. As residencias existentes no territorio non responden a demanda real, ademais de ser en moitos casos de titularidades privada.

Froito do sistema existente moitos maiores vense lonxe do seu entorno, ao non existir recursos próximos, fomentando un desarraigo e unha imposibilidade de seguir vinculados ao núcleo familiar, ocasionando episodios de soidade non desexada.

Por outra banda, a pandemia puxo de relevancia a necesidade doutro modelo residencial, de menor escala, e alonxado do modelo clásico similar a unha instalación hoteleira, por un modelo máis asimilado a un conxunto apartamental, vinculado ao entorno e en consonancia cos novos modelos observados noutros países europeos.

Froito desa necesidade nace a vontade da Deputación Provincial de facer un proxecto piloto para a redacción dos proxectos básicos de tres residencias de carácter comarcal, en localizacións escollidas polo seu devalodemográfico.



Do estudo realizado conclúese que as localizacións idóneas para este proxecto piloto de residencias son Ordes, As Pontes de García Rodríguez e Rianxo.

Consonte co anterior, o pasado 31 de marzo foi asinado un protocolo polos representantes da Deputación da Coruña e os concellos de Ordes, As Pontes de García Rodríguez e Rianxo no que se recolle a intención das partes en colaborar neste senso .

Por todo o exposto, a Deputación de A Coruña e o Concello de As Pontes de García Rodríguez acordan formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto a posta a disposición por parte do Concello de As Pontes de García Rodríguez dos terreos necesarios para realizar as tomas de datos e estudos xeotécnicos necesarios para a redacción dun proxecto básico de construción dun centro residencial de maiores no concello e establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de As Pontes de García Rodríguez para a redacción do proxecto básico por parte da Deputación co fin de elaborar o plan de viabilidade económica exixido polo art. 68.2a) da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e a acreditación dos requisitos establecidos no art. 7.4 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

SEGUNDA.- POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS

Para a futura redacción do proxecto básico de construción do centro residencial de maiores, o Concello de As Pontes de García Rodríguez comprométese a por a disposición da Deputación o seguinte inmovible, coa finalidade de realizar as tomas de datos e estudos xeotécnicos necesarios para a redacción do citado proxecto básico:

Edificio situado na rúa Pardo Bazán 120:

Ref catastrais: 2521049NJ9122S0001RQ e 2521049NJ9122S0002TW

TERCEIRA.- REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO. CONTRATACIÓN

1.- NORMATIVA E PRESCRICIÓN TÉCNICAS

Respecto á normativa específica para este uso, residencia de maiores, o proxecto básico deberá cumprir a normativa vixente no momento da redacción.

As prescricións técnicas para a redacción do proxecto remitiranse previamente ao concello para que formule as observacións que considere oportunas.

O edificio proxectado cumprirá co planeamento municipal vixente polo que o Concello



facilitará a información necesaria.

2.- CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO

A Deputación contratará a redacción do proxecto básico incluído o previo estudo xeotécnico, de acordo co establecido na normativa de contratos do sector público.

O adxudicatario coordinará os traballos de redacción do proxecto co persoal da Consellería correspondente a fin de tramitar no seu día as autorizacións e permisos que procedan de acordo co establecido na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e na Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

O adxudicatario realizará a preparación da documentación técnica necesaria para as solicitudes de autorizacións sectoriais previas, servizos... ante os distintos organismos competentes do Concello e/ou Xunta de Galicia.

Durante a elaboración do proxecto básico, o adxudicatario dará conta a Deputación, polo menos quincenalmente, dos avances e estado no que se atopa o encargo e a Deputación informará ao Concello de calquera incidencia relacionada coa redacción de proxecto.

CUARTA.- PRAZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO

O prazo de redacción do proxecto básico será tres meses, ininterrompidos, Este proxecto servirá para a solicitude da licenza municipal e demais autorizacións sectoriais que procedan.

QUINTA.- ORZAMENTO TOTAL PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS E FINANCIAMENTO.

O orzamento máximo para a redacción do estudo xeotécnico e posterior redacción do proxecto básico é de **38.500 €** (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

Redacción do Estudo xeotécnico: 3.500,00 €

Redacción do proxecto básico: 35.000,00 €

A Deputación da Coruña asumirá o custo do orzamento da redacción do proxecto e o estudo xeotécnico por un importe máximo total de 38.500 € o que representa unha porcentaxe do 100 %, considerando a singularidade e transcendencia desta actuación.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231.21/227.99 do Orzamento provincial do ano 2023.

Dado que a vixencia do convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ó cumprimento da Lei de Estabilidade Presupostaria.



SEXTA.- SUPERVISIÓN E APROBACIÓN DO PROXECTO.

A Deputación supervisará o proxecto básico e se fose favorable remitirá o proxecto básico ao Concello.

SÉTIMA.- ESTUDO DE VIABILIDADE.

A Deputación realizará o correspondente estudo de viabilidade en coordinación co concello, requisito imprescindible para o desenvolvemento das seguintes fases.

De igual xeito estudará coa Xunta de Galicia e o Concello a forma de xestión mas adecuada para os intereses públicos e o seu financiamento, e no seu caso tramitarán as correspondentes autorizacións e permisos que procedan de conformidade coa normativa reguladora dos Servizos Sociais e de acordo co art. 7.4 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

Unha vez que quede determinada a viabilidade do proxecto e a actuación conte con todos os informes e autorizacións favorables dos órganos competentes da Xunta de Galicia, a Deputación poderá encomendar ao Concello a redacción do proxecto de execución.

OITAVA.- CONVENIO ADICIONAL

Unha vez cumpridos os trámites a que se refire a cláusula anterior, a Deputación da Coruña e o Concello poderán tramitar, si así o acordan os seus órganos competentes un convenio adicional onde se determine a colaboración e fórmulas de financiamento por ámbalas dúas institucións e, no seu caso, a Xunta de Galicia, na fase de execución e financiamento das obras así como a determinación das formas de xestión e de mantemento da residencia encanto a Xunta de Galicia autorice á Deputación ou ao Concello a creación e posta en marcha do centro residencial de maiores.

NOVENA - PUBLICIDADE.

Na portada do proxecto e no seu interior figurará o logotipo da Deputación e na publicidade institucional e calquera outro acto de divulgación ou presentación que se faga polo Concello de As Pontes de García Rodríguez ou pola Deputación

DECIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, dúas persoas designadas polo presidente da Deputación da Coruña e dúas persoas designadas polo alcalde do Concello de As Pontes de García Rodríguez, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio, coas seguintes funcións:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puidieran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas



limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

UNDÉCIMA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO.

O presente convenio ten natureza administrativa rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

DUODÉCIMA.- INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS.

1.- As dúbidas que poidan xurdir na interpretación do convenio, no caso de discrepancia, serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de seguimento, poñendo fin así á vía administrativa.

2.- No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que no puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

3.- Serán causas de extinción do presente convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial das cláusulas do presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, ou a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente de resolución do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez sexa aprobado polos órganos competentes e formalizado o seu texto e terá vixencia máxima ata o 28 de abril de 2024

Por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de prórroga ata un máximo dun ano mais e poderá modificarse por causas xustificadas. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o seu obxecto."

14.- Aprobación dun convenio co concello de Rianxo para a redacción dun proxecto básico de construción dun Centro Residencial de Maiores co fin de elaborar o



plan de viabilidade económica, de acordo co art. 68.2 a) da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1º.- Iniciar expediente de autorización para a creación, xestión e mantemento de tres centros residenciais para maiores que se ubicarán nos concellos de As Pontes de García Rodríguez, Ordes e Rianxo e solicitar da Xunta de Galicia a súa cooperación mediante a oportuna colaboración interadministrativa.

2º. Aprobar o texto do convenio que se transcribe como Anexo ao presente acordo, para subscribir co concello de Rianxo para a redacción dun proxecto básico de construción dun Centro Residencial de Maiores co fin de elaborar o plan de viabilidade económica, de acordo co art. 68.2 a) da Lei de Servizos Sociais de Galicia.

ANEXO

TEXTO DO CONVENIO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIANXO PARA A REDACCIÓN DUN PROXECTO BÁSICO DE CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO RESIDENCIAL DE MAIORES CO FIN DE ELABORAR O PLAN DE VIABILIDADE ECONÓMICA, DE ACORDO CO ART. 68.2A) DA LEI DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA.

Na Coruña, a

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

O Sr. Presidente da Deputación de A Coruña, D. Valentín González Formoso.

O en representación do Concello de Rianxo,_____.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos lles están atribuídas.

MANIFESTAN

A raíz do estudo realizado pola Deputación Provincial para a diagnose e plan de acción en materia de servizos sociais na provincia detectouse unha eiva significativa



de dotacións destinadas a maiores, especialmente de tipo residencial. As residencias existentes no territorio non responden a demanda real, ademais de ser en moitos casos de titularidades privada.

Froito do sistema existente moitos maiores vense lonxe do seu entorno, ao non existir recursos próximos, fomentando un desarraigo e unha imposibilidade de seguir vinculados ao núcleo familiar, ocasionando episodios de soidade non desexada.

Por outra banda, a pandemia puxo de relevancia a necesidade doutro modelo residencial, de menor escala, e afastado do modelo clásico similar a unha instalación hoteleira, por un modelo máis asimilado a un conxunto apartamental, vinculado ao entorno e en consonancia cos novos modelos observados noutros países europeos.

Froito desa necesidade nace a vontade da Deputación Provincial de facer un proxecto piloto para a redacción dos proxectos básicos de tres residencias de carácter comarcal, en localizacións escollidas polo seu devalodemográfico.

Do estudo realizado conclúese que as localizacións idóneas para este proxecto piloto de residencias son Ordes, As Pontes de García Rodríguez e Rianxo.

Consonte co anterior, o pasado 31 de marzo foi asinado un protocolo polos representantes da Deputación da Coruña e os concellos de Ordes, As Pontes de García Rodríguez e Rianxo no que se recolle a intención das partes en colaborar neste senso .

Por todo o exposto, a Deputación de A Coruña e o Concello de Rianxo acordan formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto a posta a disposición por parte do Concello de Rianxo dos terreos necesarios para realizar as tomas de datos e estudos xeotécnicos necesarios para a redacción dun proxecto básico de construción dun centro residencial de maiores no concello e establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rianxo para a redacción do proxecto básico por parte da Deputación co fin de elaborar o plan de viabilidade económica exixido polo art. 68.2a) da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e a acreditación dos requisitos establecidos no art. 7.4 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

SEGUNDA.- POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS

Para a futura redacción do proxecto básico de construción do centro residencial de maiores, o Concello de Rianxo comprométese a por a disposición da Deputación os seguintes inmobles, coa finalidade de realizar as tomas de datos e estudos xeotécnicos necesarios para a redacción do citado proxecto básico:

O edificio proxectado situarase no SAU Rianxiño Z13:

Ref catastral: 5925101NH1252N0001PX.



TERCEIRA.- REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO. CONTRATACIÓN

1.- NORMATIVA E PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

Respecto á normativa específica para este uso, residencia de maiores, o proxecto básico deberá cumprir a normativa vixente no momento da redacción.

As prescricións técnicas para a redacción do proxecto remitiranse previamente ao concello para que formule as observacións que considere oportunas.

O edificio proxectado cumprirá co planeamento municipal vixente polo que o Concello facilitará a información necesaria.

2.- CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO

A Deputación contratará a redacción do proxecto básico incluído o previo estudo xeotécnico, de acordo co establecido na normativa de contratos do sector público.

O adxudicatario coordinará os traballos de redacción do proxecto co persoal da Consellería correspondente a fin de tramitar no seu día as autorizacións e permisos que procedan de acordo co establecido na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e na Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

O adxudicatario realizará a preparación da documentación técnica necesaria para as solicitudes de autorizacións sectoriais previas, servizos... ante os distintos organismos competentes do Concello e/ou Xunta de Galicia.

Durante a elaboración do proxecto básico, o adxudicatario dará conta a Deputación, polo menos quincenalmente, dos avances e estado no que se atopa o encargo e a Deputación informará ao Concello de calquera incidencia relacionada coa redacción de proxecto.

CUARTA.- PRAZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO

O prazo de redacción do proxecto básico será tres meses, ininterrompidos, Este proxecto servirá para a solicitude da licenza municipal e demais autorizacións sectoriais que procedan.

QUINTA.- ORZAMENTO TOTAL PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS E FINANCIAMENTO.

O orzamento máximo para a redacción do estudo xeotécnico e posterior redacción do proxecto básico é de **38.500 €** (IVE incluído), co seguinte desagregamento:

Redacción do Estudo xeotécnico: 3.500,00 €

Redacción do proxecto básico: 35.000,00 €



A Deputación da Coruña asumirá o custo do orzamento da redacción do proxecto e o estudo xeotécnico por un importe máximo total de 38.500 € o que representa unha porcentaxe do 100 %, considerando a singularidade e transcendencia desta actuación.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231.21/227.99 do Orzamento provincial do ano 2023.

Dado que a vixencia do convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ó cumprimento da Lei de Estabilidade Presupostaria.

SEXTA.- SUPERVISIÓN E APROBACIÓN DO PROXECTO.

A Deputación supervisará o proxecto básico e se fose favorable remitirá o proxecto básico ao Concello.

SÉTIMA.- ESTUDO DE VIABILIDADE.

A Deputación realizará o correspondente estudo de viabilidade en coordinación co concello, requisito imprescindible para o desenvolvemento das seguintes fases.

De igual xeito estudará coa Xunta de Galicia e o Concello a forma de xestión mas adecuada para os intereses públicos e o seu financiamento, e no seu caso tramitarán as correspondentes autorizacións e permisos que procedan de conformidade coa normativa reguladora dos Servizos Sociais e de acordo co art. 7.4 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local.

Unha vez que quede determinada a viabilidade do proxecto e a actuación conte con todos os informes e autorizacións favorables dos órganos competentes da Xunta de Galicia, a Deputación poderá encomendar ao Concello a redacción do proxecto de execución.

OITAVA.- CONVENIO ADICIONAL

Unha vez cumpridos os trámites a que se refire a cláusula anterior, a Deputación da Coruña e o Concello poderán tramitar, si así o acordan os seus órganos competentes un convenio adicional onde se determine la colaboración e fórmulas de financiamento por ámbalas dúas institucións e, no seu caso, a Xunta de Galicia, na fase de execución e financiamento das obras así como a determinación das formas de xestión e de mantemento da residencia encanto a Xunta de Galicia autorice á Deputación ou ao Concello a creación e posta en marcha do centro residencial de maiores.

NOVENA - PUBLICIDADE.

Na portada do proxecto e no seu interior figurará o logotipo da Deputación e na publicidade institucional e calquera outro acto de divulgación ou presentación que se faga polo Concello de Rianxo ou pola Deputación

DECIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, dúas persoas designadas polo presidente da Deputación da Coruña e dúas persoas designadas polo



alcalde do Concello de Rianxo, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio, coas seguintes funcións:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

UNDÉCIMA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO.

O presente convenio ten natureza administrativa rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

Supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

DUODÉCIMA.- INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS.

1.- As dúbidas que poidan xurdir na interpretación do convenio, no caso de discrepancia, serán resoltas polo Presidente da Deputación da Coruña, visto o informe da Comisión de seguimento, poñendo fin así á vía administrativa.

2.- No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que no puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán da competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

3.- Serán causas de extinción do presente convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial das cláusulas do presente convenio.
- Denuncia por causas de interese público, ou a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente de resolución do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez sexa aprobado polos órganos competentes e formalizado o seu texto e terá vixencia máxima ata o 28 de abril de



2024

Por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de prórroga ata un máximo dun ano mais e poderá modificarse por causas xustificadas. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o seu obxecto."

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Conservación de camiños en Coens" do Concello de Laxe, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0491.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018.

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019.

Logo de ver as Resolucións de Presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), polas que se aprobou definitivamente a 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial.

Logo de ver que na listaxe dos investimentos que se inclúen no POS+ Adicional 1/2019, 1ª fase, figura entre outras, a obra do Concello de Laxe denominada "Conservación de camiños en Coens", co código 2019.2001.0491.0

Logo de presentar o Concello de Laxe un proxecto modificado desta obra para modificar o trazado do camiño a pavimentar, que aínda non está adxudicada, sen variación do seu orzamento, xunto coa demais documentación xustificativa da modificación e a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA



1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Laxe denominada "Conservación de camiños en Coens", incluída na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0491.0, aprobado mediante Resolucións de Presidencia nº 32577 do 27/09/2019 (modificada por Resolución nº 37340 de data 23/10/2019) en relación coa Resolución nº 36014 do 17/10/2019 (modificada por Resolución nº 37339 de data 23/10/2019), que non varía o seu obxecto nin a súa finalidade, pero supón unha variación do trazado do camiño a pavimentar.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
Laxe	2019.2001.0491.0	Conservación de camiños en Coens	49.505,46	0,00	49.505,46

2.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4547 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Laxe para os efectos oportunos."

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Camiño cruce Regueiro a cruce Mou (Cabruí)" do Concello de Mesía, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0385.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o proxecto modificado do investimento denominado "Camiño cruce Regueiro a cruce Mou (Cabruí)" do Concello de Mesía, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0385.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número 2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario



Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2022/40603 do 29 de setembro de 2022 pola que se aproba a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial, no que se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Mesía cos seguintes datos

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Mesía	2022.2102.0385.0	Camiño cruce Regueiro a cruce Mou (Cabruí)	47.206,49	0,00	47.206,49

Logo de presentar o Concello de Mesía un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 3 de marzo de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata, que foi aprobado por Resolución da Alcaldía do 13 de marzo de 2023, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adxudicar, coa finalidade de empregar na mellora da capa de rodaxe do viario recollido no proxecto regas asfálticas en vez de mesturas bituminosas, dado o bo estado actual do camiño, de xeito que o aforro obtido polo cambio do material empregado permita, ademais de actuar sobre unha maior superficie mantendo a inversión prevista, a reparación doutros treitos e camiños que presentan un estado moi deficiente e polo tanto con problemas de seguridade viaria

Logo de ver o informe do Servizo do Patrimonio Natural asinado dixitalmente o 23 de marzo de 2023, que conclúe que a actuación contemplada no proxecto modificado é unha actividade permitida ao tratarse de obras de conservación e mantemento de camiños existentes, se ben deberán observarse unha serie de cautelas na súa execución

Logo de ver a declaración responsable presentada polo Concello de Mesía ante Augas de Galicia respecto dunha das actuacións contidas neste proxecto modificado

Logo de ver os informes emitidos polo arquitecto técnico e o secretario municipal, nos que consta que para a execución deste proxecto modificado é necesaria a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e que xa foi obtida; a presentación da declaración responsable ante Augas de Galicia que tamén consta no expediente; e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución deste proxecto modificado

Tendo en conta que dada a escasa entidade da modificación das actuacións contidas neste proxecto modificado non se precisa a súa supervisión polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 e que lle son aplicables aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2022



De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña
ACORDA:

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado " Camiño cruce Regueiro a cruce Mou (Cabruí)" do Concello de Mesía, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0385.0, sen variación do seu orzamento de contrata, que está sen adxudicar, que se aprobou pola Alcaldía do Concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, para empregar na mellora da capa de rodaxe do viario recollido no proxecto regas asfálticas en vez de mesturas bituminosas, de xeito que o aforro obtido polo cambio do material empregado permita, ademais de actuar sobre unha maior superficie, a reparación doutros treitos e camiños que presentan un estado moi deficiente, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
Mesía	2022.2102.0385.0	Camiño cruce Regueiro a cruce Mou (Cabruí)	47.206,49	0,00	47.206,49

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Mesía para os efectos oportunos."

17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento na sede do Clube de remo Taxamar", do Concello de Outes, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, co código 2021.2102.0523.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento na sede do Clube de remo Taxamar", do Concello de Outes, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, co código 2021.2102.0523.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan



complementario, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2021/30870 do 23/07/2021 pola que se aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial, en cuxo Anexo II se relacionan os investimentos incluídos nesta fase do Plan, entre os que figura a seguinte obra do Concello de Outes cos datos que se reflicten na seguinte táboa, que foi aprobada de forma condicionada á obtención das autorizacións de Augas de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e do Servizo de Urbanismo-Costas-Xunta, pero mediante Resolución de Presidencia nº 9567, do 21 de febreiro de 2022, levantáronse as condicións ás que quedou sometida a obra, logo de que o concello acreditase que contaba coas autorizacións indicadas, e considerouse definitivamente aprobada esta obra:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Outes	2021.2102.0523.0	Acondicionamento na sede do Clube de remo Taxamar	35.841,47	0,00	35.841,47

Logo de presentar o Concello de Outes un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 11 de novembro de 2022 polo arquitecto Oscar Pidre Mosquera, integrante do Estudio Técnico Gallego que xa redactara o proxecto inicial, mantendo o mesmo importe total do orzamento de contrata, que foi aprobado por Resolución da Alcaldía do 21 de marzo de 2023, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e que está aínda sen adxudicar, coa finalidade de introducir unha modificación no proxecto motivada exclusivamente pola falta de subministro da carpintería de madeira e, polo tanto, a necesidade de substituír as carpinterías inicialmente previstas en madeira por outras en aluminio.

Logo de ver a Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas, asinada dixitalmente o 28 de decembro de 2022 polo xefe do servizo provincial, autorizando novamente as obras a que se refire este investimento despois da caducidade operada en relación coa autorización inicial do dito organismo; así como visto o informe técnico de que o proxecto modificado cumpre coas condicións establecidas nas distintas autorizacións sectoriais e o Anexo V emitido polo arquitecto ao servizo do concello en data 28 de marzo de 2023, no que consta que para a execución deste proxecto modificado son necesarias as mesmas autorizacións sectoriais esixidas para o proxecto inicial, que xa foron obtidas.

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 27 de febreiro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO



Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2021, aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Acondicionamento na sede do Clube de remo Taxamar”, do Concello de Outes, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021, co código 2021.2102.0523.0, que está sen adxudicar, que se aprobou polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, coa finalidade de substituír a carpintería exterior inicialmente prevista en madeira por unha carpintería de aluminio, manténdose o mesmo orzamento de contrata do proxecto inicial, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Outes	2021.2102.0523.0	Acondicionamento na sede do Clube de remo Taxamar	35.841,47	0,00	35.841,47

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Outes para os efectos oportunos."

18.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reurbanización de tramo da avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270)", do Concello de Santa Comba incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020, co código 2020.2102.0375.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Santa Comba do proxecto modificado do investimento denominado “Reurbanización de tramo da Avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2020, co código 2020.2102.0375.0, no que se acreditan



os seguintes.

ANTECEDENTES

Logo de ver que o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria realizada o 31 de xullo de 2020, en relación coa Resolución de Presidencia desta Deputación número 24870 do 24 de agosto de 2020, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2020 para o financiamento de gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles.

Logo de ver que no Anexo a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ Adicional 2/2020 no que figura, entre outros, o investimento do Concello de Santa Comba denominado “Reurbanización de tramo da avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270)”, co código 2020.2102.0375.0.

Logo de presentar o Concello de Santa Comba un proxecto técnico modificado desta obra, cuxa adxudicación quedou deserta, co mesmo orzamento de contrata que o proxecto inicial, a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, así como o resto da documentación administrativa e técnica necesaria e que conta co informe favorable do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación do día 24 de marzo de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do POS+ 2020, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión do 25 de outubro de 2019 e publicadas no BOP nº 208 de 31 de outubro de 2019 e modificadas posteriormente para a regulación do POS Adicional 1 e POS Adicional 2 por acordo do Pleno provincial do 30 de abril de 2020 e publicadas no BOP nº 66 do 5 de maio de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reurbanización de tramo da avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270)”, do Concello de Santa Comba, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022, co código 2020.2102.0375.0, que foi aprobado polo concello coa finalidade de axustar o proxecto técnico inicial aos prezos actuais de mercado, cun orzamento de contrata de 351.236,36 €, que non supón unha variación do seu obxecto nin finalidade nin tampouco do seu orzamento pero que supón un axuste das súas partidas orzamentarias e unha redución do seu ámbito de actuación.

Concello de Santa Comba “Reurbanización de tramo da avenida de Santiago-Concello de Santa Comba (AC-406, P.K.28+950 a P.K. 29+270” 2020.2102.0375.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO
Deputación	268.031,03	268.031,03
Concello	83.205,33	83.205,33
Total	351.236,36	351.236,36



2.- Na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial, existe crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a este investimento

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Santa Comba para os efectos oportunos."

19.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a marzo 2023.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de marzo de 2023.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de marzo de 2023.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

20.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a marzo de 2023 e proxección a 31/12/2023.

PRIMEIRO.- Dáse conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 31 de marzo de 2023, que informa a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2023, xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen



do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

O Consello de Ministros o 26 de xullo de 2022 e o Congreso dos Deputados en sesión do 29 de setembro de 2022 acordaron suspender as regras fiscais.

A recuperación dos manuscritos do himno, xunto con impresos con correccións autógrafas e mais a versión editada e autorizada polo autor revelou importantes alteracións textuais na versión oficial, tal como demostrou a investigación realizada polo doutor Manuel Ferreiro, catedrático da Universidade da Coruña. Tal feito propiciou a constitución, en 1996, dunha ponencia conxunta no Parlamento galego para estudar a eventual restauración da letra verdadeira do Himno. E posteriormente, en 2002 e 2018, aínda foron realizados dous amplos informes técnicos escritos onde se demostraba, razoada e documentalmente, que o actual texto oficial do Himno Galego, alén doutras cuestións de menor transcendencia, mostra a existencia de catro alteracións de importancia.

Son chegados os tempos, en fin, de restaurar o texto certo do himno galego, de modo que todos, e especialmente as novas xeracións, o coñezamos, cantemos e interpretemos correctamente.

Por iniciativa da Federación de Asociacións Culturais Galegas, Galiza Cultura, e da Plataforma Social en Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza, Vía Galega, unha comisión conformada por 30 persoas, representativas de diferentes ámbitos da sociedade galega, impulsan a proposición de lei de iniciativa lexislativa popular (ILP) para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión.

Por todo o anterior, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Deputación da Coruña somete a debate e aprobación polo Pleno desta Corporación esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS

- 1.- Apoiar a Proposición de Lei de Iniciativa Lexislativa Popular para a restauración do texto fidedigno do Himno Galego e a súa difusión.
2. Dar traslado deste acordo aos grupos parlamentarios e á Mesa do Parlamento de Galicia.

Sra. Muíño Filgueira

A proposta que se presenta no seu día foi presentada da man de diversos colectivos, que son quen promoven esta iniciativa lexislativa popular, e na que cos diferentes portavoces fixeron unha explicación máis fonda da cuestión para obter o respaldo de toda a Corporación en formato de declaración institucional. Non puido ser así, de xeito que hoxe, atendendo a este compromiso, o BNG trae esta moción na que o que se explicita nos acordos é expresar o apoio á proposición de lei da iniciativa lexislativa popular para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión. Cuestión que é froito dun intenso traballo de investigación e elaboración de numerosos informes, nos que se describen os feitos obxectivos nos que se asenta, de maneira que, a partir do texto inicial e froito das diferentes reproducións, en especial pois todas aquelas que foron feitas desde fóra de Galicia, pois conduciron a diversas modificacións, e o que se solicita é retornar o noso himno á súa versión orixinal.

Sr. Lema Suárez

Creo que é xa coñecida dende hai tempo a posición do doutor Ferreiro sobre esta cuestión. El, para quen no o saiba, é o máximo experto desde hai moito tempo en todo o que ten que ver coa produción pondaliana, e este asunto vén sendo denunciado e reclamado a nivel filolóxico desde hai moito tempo por el e a nivel político tamén máis



recentemente por iniciativas como esta que nós apoiamos. Pensamos que a motivación científica penso que é impecable e que a autoridade do seu autor tamén é impecable e absoluta. Por todos estes motivos, insisto, filolóxicos e técnicos, imos apoiar esta moción.

Sr. Ben Otero

A Federación de Asociacións Culturais Galegas, Galiza Cultura, Plataforma Social en Defensa dos Dereitos Nacionais de Galicia e a Vía Galega veñen de presentar no Rexistro do Parlamento de Galicia unha proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a restauración do texto fidedigno do himno galego, corrixindo erros e volvendo á letra orixinal de Pondal, aludindo para iso ás investigacións do catedrático da Universidade da Coruña Manuel Ferreiro. Esta iniciativa, rexistrada oficialmente o 29 de novembro de 2022, alude ao artigo 6.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, no que se recoñece que Galicia ten himno de por si. Ao mesmo tempo, no seu desenvolvemento normativo, a Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, recolle na súa disposición adicional 3.^a o texto íntegro do himno. Entendemos que, para animar o Parlamento de Galicia a acometer a reforma de texto normativo de tanta importancia como o propio Estatuto de autonomía e a Lei de símbolos, é necesario contar cos informes previos de entidades tan importantes e recoñecidas como o Consello da Cultura de Galicia e de maneira especial da Real Academia Galega.

Polo tanto, á espera de que estas entidades se pronuncien ao respecto de isto, nós, sen presupoñer que non teña razón o señor Ferreiro ou que a teña, entendemos que nos imos abster á espera dos informes destas entidades e non debemos ser nós os que nos teñamos que pronunciar ao respecto desta cuestión.

Máis nada e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día. Se ben se trata máis dunha cuestión académica que política, é verdade que a súa implantación, polo tanto, a súa modificación depende dunha decisión deste último ámbito. En todo caso, non se está aprobando por parte desta Deputación a aplicación xa desa modificación do himno galego, senón apoiar a iniciativa lexislativa popular, independentemente de que despois haberá, loxicamente uns informes desa xente que acaba de nomear o voceiro do Partido Popular que se terán en conta por parte do Parlamento de Galicia, que en última instancia é quen ten a última palabra. Pero, dende o punto de vista da Deputación Provincial da Coruña e do Grupo Provincial Socialista, nós estamos a favor desta proposta.

Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo provincial do BNG de apoio á proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a restauración do texto fidedigno do Himno Galego e a súa



difusión

Tres anos despois de aprobado e promulgado o Estatuto de Autonomía (1981), en que se recoñece que Galicia ten himno "de seu" (artigo 6.2), o Parlamento galego consagrou na Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, o que xa estaba no ánimo e no sentir do pobo, oficializando como himno galego as catro primeiras estrofas do poema Os Pinos de Eduardo Pondal.

Efectivamente, un século antes, a vontade que se manifestaba en Galiza de contar cun himno cristalizou na iniciativa do músico Pascual Veiga, que encargou ao poeta nacional na altura, o bardo Eduardo Pondal, a composición dun texto poético que, "a maneira da Marcha Real, Marsellesa etc., sexa cantado en toda a Galiza co entusiasmo que desperta no ánimo o Sentimento da patria".

A difusión do texto pondaliano realizouse a partir da súa publicación sucesiva na Habana en medios escritos diversos, sobre todo revistas (1905, 1907, 1909), de onde retornou a Galiza por volta de 1910 con múltiples erros textuais derivados fundamentalmente da súa inicial difusión fóra do país.

O texto aprobado e publicado no Diario Oficial de Galicia, na Disposición adicional terceira da Lei 5/1984, non recolle as estrofas do poema Os Pinos da fonte orixinal pondaliana, senón que se basea nunha deficiente versión editorial realizada en 1935, no centenario do nacemento do poeta.

A recuperación dos manuscritos do himno, xunto con impresos con correccións autógrafas e mais a versión editada e autorizada polo autor revelou importantes alteracións textuais na versión oficial, tal como demostrou a investigación realizada polo doutor Manuel Ferreiro, catedrático da Universidade da Coruña. Tal feito propiciou a constitución, en 1996, dunha ponencia conxunta no Parlamento galego para estudar a eventual restauración da letra verdadeira do Himno. E posteriormente, en 2002 e 2018, aínda foron realizados dous amplos informes técnicos escritos onde se demostraba, razoada e documentalmente, que o actual texto oficial do Himno Galego, alén doutras cuestións de menor transcendencia, mostra a existencia de catro alteracións de importancia.

Son chegados os tempos, en fin, de restaurar o texto certo do himno galego, de modo que todos, e especialmente as novas xeracións, o coñezamos, cantemos e interpretemos correctamente.

Por iniciativa da Federación de Asociacións Culturais Galegas, Galiza Cultura, e da Plataforma Social en Defensa dos Dereitos Nacionais de Galiza, Vía Galega, unha comisión conformada por 30 persoas, representativas de diferentes ámbitos da sociedade galega, impulsan a proposición de lei de iniciativa lexislativa popular (ILP) para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión.

Por todo o anterior, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Deputación da Coruña somete a debate e aprobación polo Pleno desta Corporación esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS

- 1.- Apoiar a Proposición de Lei de Iniciativa Lexislativa Popular para a restauración do texto fidedigno do Himno Galego e a súa difusión.
2. Dar traslado deste acordo aos grupos parlamentarios e á Mesa do Parlamento de Galicia."



Sr. Presidente

Seguinte moción, presentada polo Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio a Palestina.

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio a Palestina

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta complexo engadir a estas alturas novos datos sobre os continuos ataques e abusos aos que o pobo palestino vén sendo sometido por parte de Israel desde hai décadas. O asasinato indiscriminado de poboación civil por parte do exército israelí converteuse desde hai tempo nunha práctica habitual que non semella suscitar xa a reacción de condena unánime que podería esperarse por parte da opinión pública internacional. Cómpre, pois, que as institucións públicas se manifesten ante esta continuada vulneración dos máis elementais dereitos humanos e da conculcación continuada ao das resolucións da ONU e da Corte Internacional de Xustiza por parte do estado israelí.

Neste sentido, cómpre lembrar a existencia de ata 18 resolucións das Nacións Unidas, a primeira delas, a 181, de 1947, propuña a partición de Palestina entre un estado xudeu e outro árabe que nunca foi posta en práctica. A última resolución, a ES-10/L.22, de 2017, declaraba nula a proclamación de Xerusalén como capital do estado israelí. Nos setenta anos transcorridos entre esas dúas datas, contabilízanse por milleiros as vítimas civís palestinas, as familias expulsadas das casas nas que sempre viviran; por centenaes de milleiros os palestinos desprazados que se viron forzados ao exilio ou a viviren en campos de refuxiados situados no Líbano ou en Xordania.

No que levamos de ano, lévanse contabilizado 81 palestinos mortos a mans do exército israelí, dos cales 15 eran menores de idade. Trátase do arranque de ano máis letal para os palestinos desde o ano 2000 segundo fontes do ministerio palestino de Sanidade, o que apunta a unha escalada nun conflito no que xa se normalizaron as continuas intervencións do exército israelí nos territorios palestinos.

Nestas datas, nas que facemos o cabodano do asasinato da xornalista palestina de Al-Jazeera, Shireen Abu Akleh, traemos esta moción.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Expresar o seu rexeitamento e condena as continuas agresións do exército israelí contra a poboación palestina.
2. Manifestar a necesidade de darlle cumprimento inmediato aos acordos en materia de dereito internacional sobre o conflito palestino-israelí, máis en concreto, ás resolucións da ONU ao respecto.
3. Dar traslado destes acordos ao Parlamento de Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores español.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas, presidente.



Creo que case calquera momento nos últimos 80 anos sería bo para traer unha moción deste tipo. É un conflito enquistado, creo que con moitísimo debate e moitísima literatura ao seu arredor, pero, indo ao que talvez deba ser os elementos que nos guían neste debate, sen entrar en cuestións de índole histórica, estamos ante un conflito que desde o ano 1947 ata o 2017 leva acumuladas nada menos que 18 resolucións da ONU sobre o mesmo, resolucións todas elas pendentes de seren cumpridas, acatadas por unha das partes, a parte que corresponde, a responsabilidade que corresponde ao Estado israelí.

A última destas cuestións, que nos parece moi relevante, é a Declaración de Xerusalén como capital do Estado israelí, unha decisión ademais apoiada, como todos saberán, polo que daquela era o presidente dos Estados Unidos, Donald Trump.

Estamos vivindo un comezo de ano en Palestina realmente malo, levamos acumulando máis de cen persoas mortas no que levamos de ano. Eu creo que talvez este pode ser un indicio dun xiro autoritario na cabeza, na dirección do Estado israelí, que teñen denunciado ademais outras posicións políticas dentro do Estado. O Estado israelí non é nin moito menos un estado monolítico, nós pensamos que a súa actual dirección, a de Netanyahu, desde logo é completamente nefasta e contraria á defensa dos máis elementais dereitos humanos e tamén a toda a lexislación en materia de dereito internacional, á que se fai moi escasa relación neste pleno, nesta moción, porque creo que abonda con dicir que hai 18 declaracións das Nacións Unidas pendentes de seren executadas.

Insisto en que poderíamos estender moitísimo máis este debate, creo que estamos nunha situación que, lonxe de aliviarse, parece que se vai agravando. Creo que ten que ver co que antes comentaba, cos debates internos dentro do propio Estado israelí, con quen agora mesmo está exercendo a súa dirección e que vai, desde logo, en camiños opostos aos da lexítima aspiración do pobo palestino a que se vexan recoñecidos os seus dereitos e a construír a posibilidade dunha paz e dun recoñecemento mutuo. E o que propoñemos como resolución, dicindo que aceptamos a emenda que propuxo o Partido Socialista a esta, porque pensamos que, basicamente, completa o sentido, pero non o altera, os seguintes acordos:

Expresar o rexeitamento desta Corporación e condena ás continuas agresións do exército israelí contra a poboación palestina.

Manifestar a necesidade de darlles cumprimento inmediato aos acordos en materia de dereito internacional sobre o conflito palestino-israelí, máis en concreto ás resolucións da ONU ao respecto.

Dar traslado destes acordos ao Parlamento de Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores.

Nada máis e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, evidentemente, é coñecido por todos e todas que, ao longo xa de moitísimos anos, se está a padecer un conflito nesa zona, entre o Estado israelí e palestino, e historicamente, antes da existencia incluso do Estado israelí, ocorreu unha cousa similar. Levan centos, por non dicir miles de anos, cun problema de convivencia bastante importante nesa zona.

En todo caso, nós presentamos unha emenda ao grupo propoñente desta moción,



que era substituír o primeiro punto, onde pon “Expresar o seu rexeitamento e condena ás continuas agresión do exército israelí contra a poboación palestina”, por un punto no que se falase das vítimas do conflito, independentemente de que sexan dun ou doutro bando. E a proposta da emenda que realizamos era a teor da seguinte: Proponse a substitución do primeiro parágrafo da proposta de acordos pola seguinte: “Expresar o noso rexeitamento fronte a todos os ataques padecidos pola poboación civil como consecuencia do conflito Israel-Palestina, e nomeadamente condenar as agresións do exército israelí contra a cidadanía palestina”.

En principio, penso que a emenda foi aceptada polo grupo propoñente da moción e, polo tanto, o noso voto vai a favor, tendo en conta que compartimos o seu espírito e a necesidade, primeiro, de rematar con esa situación de violencia que se vive nesa zona e, segundo, de dar cumprimento inmediato a esas resolucións das Nacións Unidas.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Por parte do BNG, evidentemente, expresar o noso voto favorable a esta moción. E a verdade é que, por complementar o que se leva dito ata agora, non é unha cuestión menor ponderar en igualdade de condicións a quen se debe considerar como opresor e a quen se debe considerar como parte oprimida, xa que neste proceso imos moito máis alá de agresións de carácter militar, senón tamén a unha situación que vulnera de xeito grave e directo os dereitos humanos e, se non, fagamos referencia a Gaza, que se pode considerar un verdadeiro campo de concentración onde a xente non ten dereito, acceso a alimentos, a medicinas, nin tan sequera a auga de boa calidade, e vive en condicións dramáticas. Creo que é unha cuestión que faltaba no que se leva dito e que é importantísimo dar apoio e instar a que remate a impunidade de quen está incidindo deste xeito e condicionando a vida e os dereitos do pobo palestino.

Sr. Ben Otero

Presidente, nós desde logo tiñamos intención de apoiar esta moción. De feito, presentamos unha emenda, evidentemente, respecto ao punto número 2 estamos completamente de acordo, o punto 3.º, tamén, “manifestar a necesidade de darlles de cumprimento inmediato os acordos en materia de Dereito Internacional sobre o conflito palestino israelí, máis en concreto as resolucións da ONU ao respecto”. Nós estamos de acordo, o que pasa é que no punto 1.º, evidentemente, sendo plenamente coñecedores de que hai unha desproporcionalidade dunhas agresións e doutras, é certo tamén que nós entendemos que hai vítimas civís, digamos, dos dous, tanto palestinos como israelís. Paréceme que poñer en valor ou preocuparnos só por unhas vítimas deixando de lado as outras non nos parece axeitado. Nós a emenda que propuxemos foi a seguinte, no punto primeiro cambiar “expresar o rexeitamento de condena ás concesións agresoras da existencia israelí contra a poboación palestina”, nós pediamos “expresar o rexeitamento e condena á escalada de violencia en Israel e Palestina e solicitamos a fin inmediata de violencia”, entendendo que o fin último que se pretende é que, evidentemente, deixe de haber violencia e deixe de haber vítimas na zona. Pero non podemos quedarnos só entendendo que só hai vítimas civís dunha parte e que non existen vítimas civís da outra parte. Evidentemente, hai unha desproporcionalidade no uso da violencia, pode ser. Entón, ao non aceptarse a nosa emenda, ímonos abster, pero entendendo con claridade que no punto 2 e no punto 3 estaríamos totalmente de acordo.

Nada máis e grazas.



Sr. García Seoane

Está claro que vou votar a favor desta moción, aínda que, lamentablemente, non valla para nada. Vale para denunciar unha vez máis a barbarie de Israel sobre o pobo palestino, a masacre que desde o ano 1947 vén facendo contra o pobo palestino, roubándolles as terras, meténdoos –como dicía a compañeira do Bloque– en campos de concentración, masacrándoos dentro dos campos de concentración e usurpando todos os dereitos que ten ese pobo. É lamentable que nisto haxa acordos tamén na ONU, falamos da ONU e parece que se nos enche a boca de... A ONU, para que vale a ONU? A ONU toma acordos que nada máis se lles aplican aos que, cando as mafias mundiais, os grandes emporios mundiais que dominan a outros grupos e outros países lles interesa. Entón cúmprese o requirimento da ONU. Se non, non se cumpren. Está o tema de Palestina e está o tema de Cuba; corenta e pico de anos a ONU dicindo que se levante o embargo. Antes era Fidel, despois era o irmán de Fidel, e agora quen é? Do pobo cubano queren volver facer un burdel de Cuba os norteamericanos. Non o van conseguir, a pesar de estalos apertando e facéndolles pasar unha situación terrorífica, como neste momento está vivindo Cuba.

Pero, volvendo a Israel, a situación é dramática, caótica. E non vale dicir que hai vítimas dos dous lados. Só hai vítimas dun lado. O agresor é sempre o mesmo. E faltaba máis que non se defenderan os que son atacados, faltaba máis. Pero, claro, como se van defender? Un cunha hacha e outro con metralletas e con mísiles, non hai posible defensa. Despois, por outro lado, cando se toman resolucións polos países supostamente democráticos no mundo, estamos falando de Ucraína, todo o mundo que se aplique contra Rusia, contra non sei que... Pero se estamos vendo que é unha barbarie o que fai Israel: métese no Líbano, invade o Líbano, invade Siria, invade Exipto... E todo o mundo está calado, nadie dice nada. Son los putos amos del mundo. Porque realmente, lamentablemente, o son. Manejan la plata y la plata, como dice el otro, jode y mata. E iso é o tema. Son los putos amos do mundo. Lamentablemente, xa digo, de nada valen estes acordos simplemente para denunciar a barbarie dun opresor terrorífico que domina o mundo coas medicinas, cos mísiles, con todo o que ten na súa man e os gobernos títeres que manexa. Por tanto, o meu voto é totalmente favorable á moción e creo que se queda curta. Xa digo, non vai valer para nada, pero sigamos defendendo a situación dos palestinos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio a Palestina

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta complexo engadir a estas alturas novos datos sobre os continuos ataques e abusos aos que o pobo palestino vén sendo sometido por parte de Israel desde hai décadas. O asasinato indiscriminado de poboación civil por parte do exército israelí converteuse desde hai tempo nunha práctica habitual que non semella suscitar xa a reacción de condena unánime que podería esperarse por parte da opinión pública



internacional. Cómpre, pois, que as institucións públicas se manifesten ante esta continuada vulneración dos máis elementais dereitos humanos e da conculcación continuada ao das resolucións da ONU e da Corte Internacional de Xustiza por parte do estado israelí.

Neste sentido, cómpre lembrar a existencia de ata 18 resolucións das Nacións Unidas, a primeira delas, a 181, de 1947, propuña a partición de Palestina entre un estado xudeu e outro árabe que nunca foi posta en práctica. A última resolución, a ES-10/L.22, de 2017, declaraba nula a proclamación de Xerusalén como capital do estado israelí. Nos setenta anos transcorridos entre esas dúas datas, contabilízanse por milleiros as vítimas civís palestinas, as familias expulsadas das casas nas que sempre viviran; por centenaes de milleiros os palestinos desprazados que se viron forzados ao exilio ou a viviren en campos de refuxiados situados no Líbano ou en Xordania.

No que levamos de ano, lévanse contabilizado 81 palestinos mortos a mans do exército israelí, dos cales 15 eran menores de idade. Trátase do arranque de ano máis letal para os palestinos desde o ano 2000 segundo fontes do ministerio palestino de Sanidade, o que apunta a unha escalada nun conflito no que xa se normalizaron as continuas intervencións do exército israelí nos territorios palestinos.

Nestas datas, nas que facemos o cabodano do asasinato da xornalista palestina de Al-Jazeera, Shireen Abu Akleh, traemos esta moción.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Expresar o noso rexeitamento fronte a todos os ataques padecidos pola poboación civil como consecuencia do conflito Israel-Palestina, e nomeadamente condenar as agresións do exército israelí contra a cidadanía palestina.
2. Manifestar a necesidade de darlle cumprimento inmediato aos acordos en materia de dereito internacional sobre o conflito palestino-israelí, máis en concreto, ás resolucións da ONU ao respecto.
3. Dar traslado destes acordos ao Parlamento de Galicia e ao Ministerio de Asuntos Exteriores español."

Sr. Presidente

Seguente moción, do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ás mariscadoras de Muros-Noia.

3.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ás mariscadoras de Muros-Noia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O banco marisqueiro da ría de Muros e Noia ten unha relevancia estratéxica para a provincia da Coruña, sendo un dos máis un dos máis importantes de Galicia. Son máis de 1500 familias de mariscadoras e mariscadores as que traballan dende vai décadas na ría, en especial no berberecho e na ameixa. Todas estas familias levan meses sen poder traballar por episodios de toxinas e seguen agardando polas compensacións que lles corresponden por cesamento de actividade, atopándose nunha nunha situación insostible que precisa actuacións urxentes por parte da Administración autonómica.



O pasado mes de setembro de 2022 sucedeu este primeiro episodio de toxina na ría de Noia, o cal se prolongou no tempo por diferentes condicións climáticas. Foi xa nese momento, hai máis de oito meses, cando se solicitaron, non sen dificultades e trabas administrativa denunciadas polas mariscadoras, as primeiras prestacións por cesamento de actividade ao Instituto Social da Mariña ás que teñen dereito ás traballadoras. Pero o problema non rematou aí. En febreiro deste ano 2023, de novo debido a condicións climáticas adversas e dunha pésima xestión das aperturas da presa do Tambre, morreu máis do 80% do marisco da talla comercial e máis do 70% da cría, polo que foi suspendida a campaña que debía comezar o mes de febreiro. De novo as traballadoras pediron as prestacións que lle corresponde por cesamento de actividade.

Xa finalizando abril, ningunha das persoas que solicitaron o seu dereito á prestación por cesamento de actividade cobrou aínda un euro nin deste ano nin do 2022, imposibilitándolles realizar o seu traballo sen ofrecerlle alternativas. A situación é límite para moitas familias xa que non está prevista unha nova campaña probablemente ata outubro.

Ademais da urxencia por esta situación insostible, son moitas as mariscadoras, colectivos e asociacións como Plademar (Plataforma en Defensa da Ría de Muros-Noia) que alertan sobre o futuro da ría de Muros e Noia. A ameaza da autorización dos vertidos da Mina San Finx xa denunciada nunha moción neste pleno o pasado 24 de febreiro de 2023 sumado ao desleixo da Consellería do Mar, compromete a todo un sector e unha ría fundamental para a provincia da Coruña.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar ao Instituto Social da Mariña a que realice os pagos das prestacións polos ceses de actividade da ría de Muros e Noia á maior brevidade posible.
2. Instar á Consellería do Mar á Xunta de Galicia a que traballen polo futuro da ría de Muros e Noia, mediando e axilizando na medida do posible os pagos por cesamento de actividade e impulsando a creación dun protocolo para a axilización dos trámites en futuras ocasións.
3. Dar apoio ás mariscadoras afectadas polos cesamentos de actividade.
4. Dar traslado desta moción ao Instituto Social da Mariña, á Xunta de Galicia, á Consellería do Mar, aos Concellos de Muros e Noia e a Plademar.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas. Grazas polo apoio na anterior moción.

Nós queríamos comezar esta moción expresando o noso apoio e a nosa adhesión á convocatoria dunha manifestación que fixeron as mariscadoras da ría de Muros-Noia mañá ás 12 do mediodía en Noia, e nós aproveitamos esta ocasión tamén para darlle certa difusión desde esta canle.

Ben, hai unha situación na ría de Muros e Noia da cal ás veces centramos os nosos discursos políticos na apertura e peches de industrias, pero parece que, cando sucede o mesmo no sector primario, queda máis diluída, probablemente porque non teñen o mesmo peso político ou porque non teñen a mesma transcendencia pública. Pero estamos nunha situación semellante á que podería ser unha situación de crise ou de peche dunha fábrica, dunha industria que, polo non coidado da caída das augas que descenden polo Tambre, estase producindo unha situación continuada de alerta por



toxicidade das augas que provoca que haxa vedas, vedas á actividade marisqueira e que, polo tanto, isto supoña evidentemente un prexuízo económico para as persoas que viven desta actividade, do marisqueo, que no noso país son milleiros. E, ademais, como todos saberán, un sector económico, unha actividade particularmente feminizada.

Non podemos, tamén, está presente na redacción da moción, pasar por alto o risco que supón para a súa actividade aquilo que xa se ten debatido tamén neste pleno que é a evacuación das augas da mina de San Finx, que –insisto– xa se ten debatido anteriormente, pero que dalgunha maneira tamén forma parte do contexto do que aquí denunciámos, que é que o caudal ecolóxico do Tambre padece esta situación de non coidado das súas augas, entre outras cousas tamén pola actividade mineira que tamén se ten denunciado aquí, que ten que ver coa explotación da mina de cobre tamén na altura de Touro. Eu creo que, ás veces, non se ponderan como se debera os riscos que supoñen estas actividades para outras. E, ademais, parece que se priorizan uns intereses económicos, como son o do sector extractivo, sobre outros que son máis populares, que teñen máis raigame, que teñen máis historia no noso país, pero que tal vez non teñen, desgraciadamente, a mesma transcendencia pública, por carecer, penso, dos apoios que si posúen outros.

No que ten que ver coa parte resolutiva, instamos aos seguintes acordos:

Instar o Instituto Social da Mariña a que realice os pagos das prestacións por cese de actividade da ría de Muros a Noia á maior brevidade posible.

Instar a Consellería do Mar e a Xunta de Galicia a que traballen polo futuro de ría de Muros a Noia, mediando e axilizando, na medida do posible, os pagos por cesamento de actividades impulsando a creación dun protocolo para axilización dos trámites en futuras ocasións.

Terceiro, dar apoio ás mariscadoras afectadas polos cesamentos de actividade.

Por último, dar traslado desta moción ao Instituto Social da Mariña, á Xunta de Galicia, á Consellería do Mar, aos Concellos de Muros, Noia e a Plademar.

Sra. Muíño Filgueira

Nós adiantamos o noso voto favorable a esta moción. Entendemos que estamos falando dun sector estratéxico, tanto no que é o tecido produtivo e como motor de economía. Un sector, ademais, feminizado e que, efectivamente, está a padecer as consecuencias dunha situación que, evidentemente, é multifactorial e coincidimos na necesidade de facer unha avaliación e un plan que permita intervir sobre as causas, pero tamén atender esta situación na que se atopan as traballadoras do xeito máis áxil posible porque, evidentemente, é unha penalización económica para elas grave. Toda a nosa solidariedade e o respaldo ás súas mobilizacións.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día a todos.

Dende o Grupo Popular imos apoiar esta moción. É certo que dos catro puntos que contén o acordo hai dous cos que estamos total e absolutamente de acordo, que son o punto 1 e o punto 4. O 2 e o 3 realmente é algo ao que se vai instar a Xunta de Galicia e xa o está a facer e, polo tanto, non ten sentido tampouco, sendo a nosa intención mostrar ese apoio a este sector, como se vén facendo, non van impedir que o noso voto



sexa favorable a todo o conxunto da moción. É evidente o esforzo que dende a Xunta de Galicia se leva facendo dende o ano 2009, con máis de mil millóns de euros investidos no saneamento e rexeneración das nosas rías; un único dato que pode poñer de manifesto o resultado deste esforzo, que é que as zonas C nestes anos pasaron de ser un 15 % do total das zonas de marisqueo a apenas un 7 na actualidade. E, non obstante, as zonas A pasaron de representar o 3,1 do total a supoñer a día de hoxe practicamente un 17 %.

En canto ás cuestións que si que están a padecer a día de hoxe as mariscadoras a pé desta ría en relación coas axudas á paralización, si que, ben, hai que deixar claro que estas son axudas que dependen do ISM, polo tanto, son prestacións polas que as persoas que cotizan no Réxime Especial do Mar xa teñen pagado, e a posible negativa a acollerse a este tipo de prestacións non proveñen dunha norma autonómica, senón dunha norma estatal e, por tanto, por parte do propio Instituto Social da Mariña.

Dende a Xunta, na parte que lle toca si que ten traballado, tratando de xerar rendas directas e proporcionais para este tipo de situacións, e neste sentido hai que ter en conta que a idea inicial por parte do Estado era de dar unha contía de 50 euros/día e pola mediación da Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, o que si se conseguiu foi que a axuda concedida a cada persoa se establecese segundo o 90 % dos ingresos medios da actividade extractiva dos mariscadores nese mesmo período nos últimos tres anos. Pensamos que isto é un logro importante.

É certo que, ao longo destes meses que relata a moción tamén houbo actividade por parte da Xunta solicitando aclaracións ao motivo do atraso, é dicir, neste sentido, a principios deste ano, solicitouse dende a Consellería unha aclaración sobre se na actualidade, atendendo ao real decreto vixente de desenvolvemento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, se había algún problema, por se era excepcional este tipo de axudas por paradas temporais ás mariscadoras á pé, e estaban limitadas ao período de COVID ou se podían percibir. A resposta a verdade é que non foi do todo satisfactoria pero, en todo caso, con motivo do último cese da actividade por causas extraordinarias, a mortalidade por baixa salinidade, o certo é que si que se chegou ao entendemento de que as mariscadoras a pé tamén podían solicitar esta axuda pero que insisto, segue pendente, polo tanto, pensamos que é moi acaída esta moción.

Remato xa con unha única precisión, porque fixo o señor Lema, Alberto, unha referencia a dúas cuestións que eu entendo que non é conveniente mesturar: a preocupación pola situación que xera esa baixa salinidade evidentemente compartida, pero a incidencia que, neste caso, teñen a regulación dos encoros na nosa demarcación non é importante. É evidente que o principal caudal que achega auga doce e, polo tanto, a baixa salinidade dos bancos é o propio caudal dos ríos. Os encoros, evidentemente, son unha parte dese caudal, pero a capacidade de regulación que temos en Galicia é mínima. Polo tanto, deixando á marxe que nesas comisións de desaugamento están presentes as confrarías, o certo é que, ben, é mellor non intentar mesturar estas cousas.

En relación tamén a outra referencia que fixo á mina de San Finx, a min gustaría lembrar que non hai moito debatemos precisamente neste salón de plenos unha moción ao respecto na que o que se estaba a cuestionar era unha autorización para autorizar unha depuración das augas que xa están alí agora mesmo, non a actividade mineira. A postura que nese momento se mantivo por parte do grupo propoñente é contraditoria coa preocupación que agora mesmo acaba de expresar. O que se está a facer é intentar que esas augas que teñen que volver ao caudal poidan facelo nas mellores condicións ao medio e, polo tanto, penso que tamén hai que ser moi pulcros para non alarmar ou intentar que poida haber unha certa intoxicación do que poden ser as causas da situación que, evidentemente, dá lugar ao peche da actividade marisqueira.



Pero ben, en todo caso, insisto, o noso apoio á moción e o voto a favor desta.

Sr. Fernández Piñeiro

Nós imos apoiar tamén esta moción. Temos falado xa noutra ocasión das consecuencias derivadas deste último tema que trataba o voceiro do Partido Popular da mina de San Finx e da problemática que iso está a xurdir. Evidentemente, non creo que sexa... Comparto que hai que ser pulcros para non alarmar, pero, en todo caso, a alarma sobre as derivadas que poida ter esa explotación mineira e esa depuración de augas, quen a traslada a estes grupos son os propios mariscadores, non ao revés. Dito o cal, sobre este tema que nos ocupa, estamos a falar de que hai máis de 1.500 socios desa confraría de pescadores de Noia, polo tanto, son 1.500 familias que directamente viven desa actividade, mais, tranquilamente podes multiplicalo por tres se temos en conta os empregos indirectos que se xeran no maior produtor de berberecho que poidamos ter.

En todo caso, é importante deixar clara unha cuestión, e enlace un pouco co que comentaba antes o voceiro da Marea, do grupo propoñente desta moción, que vemos que dende a Xunta de Galicia non se estivo moi áxil na xestión desta situación na que están a vivir moitas mariscadoras e é verdade, e por iso teño que poñelo tamén aquí sobre a mesa que, grazas ás xestións realizadas pola Confraría de Pescadores de Noia e as reunións que mantiveron co noso compañeiro e representante do Grupo Socialista, Francisco Pérez, e tamén coa deputada Patricia Otero, co ISM, se foi avanzando cara á resolución deste problema. Porque inicialmente saben vostedes que o feito de que o incremento, ou mellor dito, redución da salinidade das augas, loxicamente implicou que esas mariscadoras solicitaran ese paro, que inicialmente non estaba moi ben regulado na lexislación actual e que, polo tanto, houbo que negociar co ISM, e iso cónstame que, por parte, como digo, tanto do representante do Grupo Socialista, como da deputada, como do presidente da confraría, o patrón maior e os secretarios se fixeron, tiveron lugar bastantes reunións a ese respecto. Primeiro, para explicarlles ao ISM, que era o punto de partida, que ese feito de que teñan un permex non era unha garantía de que esas persoas puideran, digamos, recibir algún tipo de ingreso nesa situación, entre outras cousas porque as artes non teñen que coincidir no tempo, porque a maioría delas non teñen as embarcacións preparadas para poder desenvolver esas artes e porque, ademais, había razóns de carácter biolóxico e era o feito de que, de comezar as campañas noutras artes, poñerían en serio o risco da sostibilidade do sistema. Polo tanto, dende o ISM o que se propoñía era que tiveran despachado outra arte, pero tamén se lles trasladou nesas reunións que iso non era posible, porque na maioría dos casos ese despachamento dunha alternativa fana para poder seguir cotizando, non porque realmente exista unha actividade que lles xere ingresos. De aí que o ISM, despois destas reunións, aceptara as propostas e entendera os argumentos que se daban por parte das persoas que acabo de citar, sempre e cando, poñendo como premisa básica, que non se teñan producido vendas derivadas doutras artes nun determinado prazo que está estipulado.

En todo caso, nestes momentos, estase á espera da resolución por parte do ISM e o que nos consta é que se vai proceder o seu pagamento tan pronto como iso sexa posible. É verdade que a todos nos gustaría que fora moito máis rápido, tendo en conta que se trata do sustento e dos ingresos de moitas familias, pero o importante é que xa se foron dando pasos para poder darlle unha solución deste problema e garantir que esas persoas perciban os ingresos como consecuencia da situación derivada desa redución da salinidade das augas.

É verdade que hai unha pluviosidade bastante importante ao longo deste ano. É



verdade que a achega de auga doce vén a través do río, pero tamén é verdade que, cando se desembalsa esa auga, se dá máis auga doce aínda a esa ría e iso inflúe directamente nesa redución da salinidade.

E tamén hai outra cuestión que nos teñen comentado en varias ocasións, e que o Grupo Socialista tamén en Noia se estaba a exixir á empresa explotadora dese embalse, que se avise cando se fan os desembalses, porque non se está a avisar. E xa houbo distintos problemas de seguridade poñendo en risco incluso a vida dalgúns mariscadores porque de repente hai unha crecida no río, están traballando alí, ninguén sabe que se vai desembalsar a auga, increméntase loxicamente o volume da auga, pero tamén as correntes, xa non é a primeira vez que teñen que salvar ou recoller algún compañeiro ou compañeira que é arrastrado pola corrente. Por tanto, tamén dende aquí facer ese chamamento á empresa explotadora dese embalse para que comunique e informe cada vez que se vaian facer eses desembalses de auga para evitar riscos maiores. Pero, en todo caso, iso non era exactamente o tema de moción, o tema da moción loxicamente compartímolo e polo tanto imos votar a favor tamén.

Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en apoio ás mariscadoras de Muros-Noia"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O banco marisqueiro da ría de Muros e Noia ten unha relevancia estratéxica para a provincia da Coruña, sendo un dos máis importantes de Galicia. Son máis de 1500 familias de mariscadoras e mariscadores as que traballan dende vai décadas na ría, en especial no berberecho e na ameixa. Todas estas familias levan meses sen poder traballar por episodios de toxinas e seguen agardando polas compensacións que lles corresponden por cesamento de actividade, atopándose nunha situación insostible que precisa actuacións urxentes por parte da Administración autonómica.

O pasado mes de setembro de 2022 sucedeu este primeiro episodio de toxina na ría de Noia, o cal se prolongou no tempo por diferentes condicións climáticas. Foi xa nese momento, hai máis de oito meses, cando se solicitaron, non sen dificultades e trabas administrativa denunciadas polas mariscadoras, as primeiras prestacións por cesamento de actividade ao Instituto Social da Mariña ás que teñen dereito ás traballadoras. Pero o problema non rematou aí. En febreiro deste ano 2023, de novo debido a condicións climáticas adversas e dunha pésima xestión das aperturas da presa do Tambre, morreu máis do 80% do marisco da talla comercial e máis do 70% da cría, polo que foi suspendida a campaña que debía comezar o mes de febreiro. De novo as traballadoras pediron as prestacións que lle corresponde por cesamento de actividade.

Xa finalizando abril, ningunha das persoas que solicitaron o seu dereito á prestación por cesamento de actividade cobrou aínda un euro nin deste ano nin do 2022, imposibilitándolles realizar o seu traballo sen ofrecerlle alternativas. A situación é límite



para moitas familias xa que non está prevista unha nova campaña probablemente ata outubro.

Ademais da urxencia por esta situación insostible, son moitas as mariscadoras, colectivos e asociacións como Plademar (Plataforma en Defensa da Ría de Muros-Noia) que alertan sobre o futuro da ría de Muros e Noia. A ameaza da autorización dos vertidos da Mina San Finx xa denunciada nunha moción neste pleno o pasado 24 de febreiro de 2023 sumado ao desleixo da Consellería do Mar, compromete a todo un sector e unha ría fundamental para a provincia da Coruña.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar ao Instituto Social da Mariña a que realice os pagos das prestacións polos ceses de actividade da ría de Muros e Noia á maior brevidade posible.
2. Instar á Consellería do Mar á Xunta de Galicia a que traballen polo futuro da ría de Muros e Noia, mediando e axilizando na medida do posible os pagos por cesamento de actividade e impulsando a creación dun protocolo para a axilización dos trámites en futuras ocasións.
3. Dar apoio ás mariscadoras afectadas polos cesamentos de actividade.
4. Dar traslado desta moción ao Instituto Social da Mariña, á Xunta de Galicia, á Consellería do Mar, aos Concellos de Muros e Noia e a Plademar"

Sr. Presidente

Hai unha moción do PSdG e o BNG en defensa da mellora dos Centros de Información ás Mulleres.

4.Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en defensa da mellora dos Centros de Información ás Mulleres (CIM)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que no ano 2004 se aprobara o primeiro Decreto que regula os Centros de Información ás Mulleres en Galicia (en adiante o CIM), foi moito e definitivo o labor que dende eles veñen facendo os e as profesionais en defensa da igualdade, dándolle apoio e soporte a milleiros de mulleres galegas.

É importante lembrar que pese a que a prevención, detección, tratamento e loita contra as violencias machistas, así como a atención ás mulleres vítimas, son funcións prioritarias destes centros, o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, define os CIM como "aqueles recursos de carácter permanente desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes".



Temos entón que son moitas as funcións encomendadas a uns centros que son esenciais como servizo de apoio integral ás mulleres, en todas as súas vertentes, pero que nos últimos tempos están dedicados practicamente na súa totalidade a tarefas asistenciais con mulleres vítimas de violencia machista ou en contextos de vulnerabilidade, tal e como se recolle nun informe recente elaborado pola Fegamp.

Ademais, dende o ano 2016 os centros de información á muller teñen encomendadas novas responsabilidades profesionais como ser un servizo de información, atención e asesoramento ao colectivo LGTB, unha función que debería ser vinculada a servizos ad hoc coa fin de prestar realmente atención a un colectivo efectivamente marxinado e necesitado de políticas propias por parte do Goberno galego.

Entre as moitas tarefas que dende os CIM teñen que deixar de realizar pola excesiva carga de traballo que soportan figuran, por exemplo, a difusión e sensibilización cidadá acerca da vivencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes; a realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución da igualdade; actuacións de dinamización levadas a cabo por persoas expertas en xénero e igualdade cara á integración da perspectiva de xénero nas accións de entidades locais, ou o fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos. Moitas delas poderían ser desenvolvidas por unha figura imprescindible e escasamente presente nos CIM como é a da/o axente de igualdade.

Por outra banda, gran parte do traballo que realizan as técnicas/os dos CIM é administrativa, e o propio Decreto 130/2016 establece no seu artigo 10.2 a posibilidade de que os CIM conten con persoal de apoio ou persoal administrativo que se considere conveniente, algo que acontece en moi poucos centros.

A Xunta de Galicia subvencionou no ano 2022 un total de 84 CIM, dos que 33 son xestionados por agrupacións de concellos ou mancomunidades, resultando así que só 193 concellos dos 313 que existen contan con este servizo imprescindible. Dito doutro xeito: as mulleres de case o 40 % do territorio galego non dispoñen deste recurso.

Ademais, en moitos casos, aínda nos concellos con CIM a situación para as mulleres pode resultar moi gravosa tendo en conta a dispersión xeográfica do noso país, nomeadamente nas zonas rurais, e o precario do transporte público interurbano, que dificulta o desprazamento a estes centros. O Decreto 130/2016 establece a posibilidade de que o persoal dos CIM se desprace para facilitar o acceso a estes recursos, pero dado o colapso na súa carga de traballo esta é unha tarefa imposible.

Ante este panorama, a Asociación de Profesionais dos Centros de Información á Muller (Asocim) ven de denunciar nun comunicado "a sobrecarga de traballo" á que teñen que facer fronte dende os CIM, o que "está a repercutir na súa saúde", cun "desgaste físico e psicolóxico" destas persoas traballadoras, derivado "dunha plantilla insuficiente e unha excesiva burocratización".

Entre outros elementos, as persoas profesionais destes centros esixen a cobertura de baixas e o reforzo de persoal con persoas traballadoras de apoio "o antes posible" para a "atención de tarefas administrativas", así como "perfis especializados en igualdade".

Un dos principais déficits que teñen os centros de información ás mulleres é a falla de recursos, principalmente humanos, o que provoca unha carga de traballo inasumible e en moitos casos, como denuncia a propia Asocim, unha merma indesexada na calidade da atención. Isto débese, entre outras razóns, á inexistencia de criterios rigorosos que establezan o número e tipoloxía de profesionais que ten que existir nun CIM atendendo, por exemplo, ao número de mulleres residentes na área xeográfica que debe cubrir ese centro.



Por iso, os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG consideran necesario iniciar unha reflexión profunda acerca das funcións dos centros de información ás mulleres, a capacidade de cumprilas, a súa estrutura técnica e de recursos humanos e o seu financiamento, entre outras cuestións.

Todo o anterior é produto dunha normativa laxa nalgunha esixencia e moi estrita noutras, de maneira que estes centros adolecen dunha estrutura obrigada eficaz que responda ás necesidades de todas as mulleres galegas, sen que existan diferenzas en función do territorio.

Por iso é necesario elaborar unha estratexia, tal e como manifesta a propia Fegamp, que comece polo establecemento dun novo marco de financiamento que, ademais de incrementarse con fondos propios da Xunta de Galicia, estableza unha ratio de persoal necesario en función da poboación e do número de mulleres atendidas.

Polo exposto, os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG propoñen a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, en colaboración coa Fegamp, unha estratexia para estender a rede de Centros de Información á Muller (CIM) a todo o territorio galego, que estableza criterios de emprazamento e prestación de servizos conforme a factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características sociodemográficas. Para tal fin, a Xunta de Galicia prestará soporte técnico e incrementará os recursos económicos que garantan a pervivencia no tempo dos CIM.
2. Acordar coa Fegamp un incremento orzamentario con fondos propios das liñas de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia destinadas a sufragar o gasto de persoal e funcionamento que adecúe o financiamento ás necesidades e prestacións reais dos CIM, o que supón permitir contratar o persoal necesario para ofrecer un servizo de calidade, nomeadamente axentes de igualdade e persoal administrativo.
3. Modificar o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos Centros de Información á Muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento para:
 - a. Incorporar a figura de axente de igualdade entre o persoal necesario para o normal funcionamento do CIM.
 - b. Regular con criterios obxectivos as necesidades cuantitativas e cualitativas das e dos profesionais cos que debe contar un CIM, establecendo ratios do persoal requirido en función da poboación de mulleres, demanda recibida e as actividades que se acrediten que se realizan.
 - c. Establecer como requisito para ser persoal cualificado dun Centro de Información ás Mulleres (dirección, asesoría xurídica ou psicolóxica, axente de igualdade) ter realizado un mínimo de 500 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes, para contribuír a unha maior especialización do persoal dos CIM.
 - d. Establecer que ningunha muller teña que desprazarse máis de 15 quilómetros do seu domicilio para poder ser atendida nun CIM.
4. Delimitar, en colaboración co tecido asociativo de profesionais que traballan no ámbito da igualdade, as funcións dos centros de información á muller, que deberían ser de atención integral para a consecución da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.



Simultaneamente, crear un novo servizo ou redefinir algún existente de atención á diversidade que dea resposta ás demandas do colectivo LGTBI.

5. Realizar unha campaña de información pública para dar a coñecer os CIM como recursos integrais dirixidos ás mulleres.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día.

En primeiro lugar, o texto da moción é extenso, así que, tranquilos e tranquilas, que non vou dar lectura ao texto íntegro.

En primeiro lugar, efectivamente, eu creo que a cuestión que hai que destacar é a importancia que teñen os recursos dos CIM como para prestar un labor esencial de atención, de apoio e soporte a milleiros de mulleres galegas, moitas delas en situación de violencia de xénero, pero tamén no que é a defensa e a promoción de valores de igualdade.

Tamén é verdade que a estrutura de CIM achega recursos pegados ao territorio, pero que tamén neste momento o fai cunha estrutura insuficiente e desigual, porque efectivamente os condicionantes que son a realidade de moitos concellos dificultan acceder a este recurso.

Na moción faise referencia tamén a unha necesidade de actualización da propia estrutura dos recursos no seu corpo profesional para ser quen de adaptarse mellor aos labores de apoio e asesoramento a mulleres, pero tamén nese labor esencial de dinamización, sensibilización e formación social.

Por todo isto, solicítanse varias cuestións, algunhas delas centradas na modificación da estrutura para adaptalas ás necesidades actuais. Por outra banda, ser quen de ampliar a rede de centros de información á muller en todo o territorio a través da revisión do financiamento a estes centros de forma que, co incremento no financiamento previsto por parte da Comunidade Autónoma de Galiza, favoreza unha maior presenza territorial e maior equidade para as mulleres no acceso e, por outra banda, como xa digo, a cuestión de adaptala tanto en cadros de persoal e financiamento.

Non vou dar lectura tampouco a todo o apartado de acordos por unha cuestión de eficiencia porque é extenso e seguramente ao longo do debate en calquera cuestión teremos oportunidade de falar máis polo miúdo do contido da moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Desde os grupos que conformamos o Goberno provincial traemos esta moción a Pleno, primeiro deixando constancia do gran labor que en prol de igualdade, dando apoio e soporte a milleiros de mulleres, se fai desde o CIM, pero si facéndonos eco das denuncias presentadas pola propia asociación de profesionais que están a reclamar que se cubran as baixas e se dote de máis persoal eses centros, que están saturados e que están esgotados desde o punto de vista humano dada a inxente cantidade de traballo que están a desenvolver e aos poucos medios e recursos cos que contan.

É verdade que na exposición de motivos tamén se fala de que aproximadamente un 40 % do territorio galego non conta con eses centros de información e asesoramento á



muller, e moitas delas teñen que desprazarse bastantes quilómetros para poder ser atendidas, e estamos a falar dunha situación bastante complicada e que, en moitos casos, teñen que atender mulleres que poden acabar de ser maltratadas e que loxicamente a proximidade deste tipo de centros á sociedade e neste caso a calquera poboación é clave en moitos casos para atopar unha resolución a eses problemas no menor tempo posible, ou para garantir a súa seguridade tamén.

Polo tanto, desde ese punto de vista, cremos que se pode facer máis, que a Xunta de Galicia ten a obriga de facer máis, e xa como mínimo, como digo, cubrir esas baixas, que é algo xa indispensable, e dotar de máis persoal eses centros, e como ben acabamos de explicar, están totalmente saturados de traballo pola falta de persoal suficiente e polo incremento, como digo, das funcións que están a desenvolver e do traballo que desenvolven día a día, e de aí que presentemos hoxe esta moción.

Hai unha emenda presentada polo Grupo Popular que en principio nós non podemos aceptar porque nos parece demasiado xenérica, na que simplemente solicita á Xunta impulsar, pero isto non vai só de impulsar. Para dotar de máis medios este tipo de centros, para que poida haber máis medios á disposición do persoal, tanto humanos como técnicos, e máis centros, fan falta medidas moi concretas, que son moitas delas de carácter económico. Polo tanto, ten que haber unha vontade política que estableza partidas económicas para poder facer fronte a unha situación que é urxente. Non estamos a falar dunha infraestrutura relativamente innecesaria, senón que son centros que están a tratar mulleres e tamén a LGTBI, pero que están cunha sobrecarga de traballo brutal e non se pode alongar moito máis esta situación no tempo.

Polo tanto, non se trata de solicitarlle á Xunta de Galicia de forma xenérica que impulse, senón que se trata de exixirlle á Xunta de Galicia que poña sobre a mesa xa os recursos económicos necesarios e que adopte as medidas de carácter administrativo, tanto para garantir que poida contar con máis medios desde o punto de vista técnico, pero tamén para poder cubrir esas baixas e máis medios desde o punto de vista humano. Por aí que, desde ese punto de vista, non vaiamos aceptar esa moción, aínda que esperamos seguir contando igualmente co apoio do Grupo Popular a esta proposta que hoxe traemos a Pleno.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día de novo.

Toda vez que, como se acaba de anunciar, non vai ser aceptada a emenda que presentou este grupo, non podemos apoiar esta moción e vou intentar explicar cal é a razón do sentido deste voto.

Hai unha serie de cuestións nas que se poden agrupar todas as propostas que contén a moción. En primeiro lugar, a extensión da rede de centros de información á muller. No pasado decembro houbo unha reunión entre a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade co presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias. Nese encontro abordáronse diversas propostas para a mellora da rede de centros de atención á muller. Pasan eses acordos, evidentemente, e pasan esas melloras polo reforzo da formación do seu persoal e tamén do mapa de recursos dispoñible, e aí ambas as institucións, Xunta e Fegamp, perfilaron medidas acordadas para impulsar e garantir unha formación especializada e continuada de todas as profesionais dos CIM, co obxecto, ademais, de brindar a mellor das atencións posibles ás mulleres usuarias e



traballar na prevención da violencia de xénero e o asesoramento ás vítimas.

Aumentar a cobertura de centros en todo o territorio é outro dos obxectivos conxuntos, co cal acordaron dinamizar as mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero.

En canto á cuestión relativa ao esforzo económico, o Goberno galego neste ano 2023 destinará 4 millóns de euros aos 84 centros de información á muller que existen na comunidade. Son un recurso esencial e, polo tanto, atendendo practicamente 10.000 galegas cada ano, ese esforzo vaise incrementando. Dende o ano 2021 foi incrementándose ese orzamento coa convocatoria de apoio a estes centros que se está a financiar con fondos propios da Xunta en resposta precisamente a esa reivindicación da Fegamp ao longo do tempo.

Estas liñas de axuda e de apoio aos CIM son financiados pola Xunta, son de concorrencia competitiva. Evidentemente, por un lado, nos expedientes na fase de solicitude cada CIM solicita á Secretaría Xeral de Igualdade subvención para financiar os postos de traballo das persoas expertas segundo o seu cadro de persoal, sempre en base ao persoal e servizos mínimos que teñen que ter os propios CIM, e os criterios de valoración nos que se basea a concesión non son criterios simplemente baseados nun criterio de poboación ou o tamaño dos municipios, senón que teñen en conta tamén a prestación dos servizos, extensión e impacto das actuacións que se desenvolven. Cada entidade pode recibir como máximo 45.000 euros e ata 120.000, segundo a xestión sexa individual ou compartida.

Polo tanto, o esforzo que se está a facer, evidentemente todos somos conscientes de que hai que seguir avanzando nesa mellora, pero é un esforzo que vai na liña conxunta que se está a traballar coa Fegamp e que tamén hai que ter en conta.

En canto á modificación do Decreto 130/2016, neste sentido xa hai unha emenda a ese decreto co mesmo texto que se recolle exactamente no apartado segundo da emenda presentada. Polo tanto, pensamos que o lóxico é darlle continuidade a esa proposta do propio Grupo Parlamentario Popular no Parlamento de Galicia.

En canto á delimitación das funcións dos CIM e o Servicio Independente LGTBI, o Decreto 130/2016 tamén establece cales son os requisitos ou procedemento para o recoñecemento e acreditación do CIM de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, establecendo no seu artigo 5 que o colectivo LGTBI tamén será obxecto desta atención. Polo tanto, non se comparte que se queira quitar a atención a través deste recursos e facer un servizo independente cando a súa atención reverte tamén nese obxectivo de igualdade entre mulleres e homes sen importar a súa sexualidade.

E por último, no que se refire a campaña de información pública sobre os CIM si que existen xa en marcha diversas actividades e campañas de sensibilización que se realizan cada ano en colaboración cos concellos. Por exemplo, a campaña “Agresión Off” e outras actividades realizadas en colaboración coa Rede Galega de Concellos contra a Violencia de Xénero.

Polo tanto, nós estimabamos que era máis acaída ás circunstancias actuais e ás bases desa colaboración establecida entre Xunta e Fegamp a nosa emenda e por ese motivo non imos poder apoiar a moción tal cal ten sido presentada.

Mais nada e moitas grazas.



Sr. Lema Suárez

Nós imos, por suposto, apoiar a moción. Creo que a Xunta de Galicia ten a obriga de cumprir coa lei; non me refiro unicamente a este caso, senón tamén ao contido doutras leis estatais que obrigan á creación de casas de acollida para mulleres en situación de maltrato e outras, que non quero desviar o tema do debate, pero non están recollidas nesta moción, pero creo que forman parte en extenso do debate. E nós, desde logo, desde o noso grupo, manifestar o noso agradecemento ás profesionais do ámbito da igualdade por este labor que fan, que creo que amosa tamén como vai evolucionando a sociedade, cara a que lugar. Creo que xa está asentada completamente a idea da igualdade entre os xéneros e da liberdade sexual, só queda dotala de recursos e dotala desde as administracións tamén as persoas que padecen situacións de exclusión ou de calquera forma de violencia do apoio que corresponda.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Novamente, lamentamos que o Grupo do Partido Popular non se sume a esta moción, tendo en conta a importancia do tema, tendo en conta a súa relevancia, tendo en conta que a situación deses CIM está a afectar gravemente ao servizo que se presta e, sobre todo, está a afectar gravemente ao persoal que presta ese servizo e que, polo tanto, loxicamente, hai un momento en que un está esgotado e xa saturado pola capacidade de traballo, e como eles mesmos denunciaron, non son capaces de atender todas as demandas que teñen e as necesidades que teñen aquelas persoas que son usuarias deses centros nun tema tan importante como este. Espero que ese non sexa ese feminismo real do que falara nos últimos tempos o señor Feijóo.

Desgraciadamente, lamentamos que non apoiem esta moción simplemente por unha emenda que cremos que é moi xenérica porque non se trata de impulsar, evidentemente, hai que impulsar moitas cousas, pero, cando estamos nun punto xa tan complexo no que os centros xa non están a funcionar ben, non basta con impulsar. Hai que adoptar medidas de carácter urxente para darlle unha solución a esta problemática e, polo tanto, para dotar eses centros de máis persoal. Como mínimo, cubrir as baixas do persoal, que a día de hoxe non se están a cubrir, segundo traslada a asociación de profesionais dese sector. Polo tanto, queda moi ben iso de impulsar porque é bastante xenérico, como digo, non implica gran cousa por parte da Xunta. É moi fácil dicir que se cumpre porque impulsar é un termo tan amplo que dificilmente podería ser discutible, pero non vai diso. Vai de que a situación empeza a ser xa bastante complexa a este respecto. Polo tanto, digo que é unha mágoa que o Partido Popular neste último Pleno non cumpra aquel soño que eu tiña que comentei no anterior de exixirle algo á Xunta de Galicia algunha vez. Pero, ben, a ver se para a seguinte lexislatura, cando nós sigamos no Goberno e vostedes sigan na oposición, podo ter sorte e cumprir ese desexo estea quen estea sentada neste asento.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Sr. Rodríguez, desquítate.



Sr. Rodríguez Martínez

Non, dáme pena que se vaia o Sr. Fernández destes catro anos con esa mágoa. Na anterior vimos de apoiar dous puntos nos que se instaba a Xunta a incluso cousas que se ían facer. Polo tanto simplemente para que, home, non te vaías con ese mal sabor de boca porque nos tes razón.

Sra. Muíño Filgueira

Eu, para pechar, si que me gustaría expresar que lamento fondamente que arredor desta moción, na que se pide un incremento dese orzamento que leva moito tempo igual ante unha situación que cambia substancialmente e que así nolo din os datos. O incremento da violencia e agresións e actitudes machistas entre a nosa mocidade, os datos de denuncias por violencia machista, os datos das mulleres e crianzas asasinadas, cando hai outra realidade obxectiva, efectivamente, 45.000 euros para persoal que deriva nunha elevada demanda de atención nos CIM, dificultades para cubrir baixas, saturación do persoal e unha reivindicación obxectiva que o que piden é poder facer ben o seu traballo nas condicións máis dignas.

Que, despois de todo, o traballo dos CIM é prestar apoio e atender mulleres en situación de emerxencia. E si que é certo que isto impacta na calidade e nas oportunidades das mulleres, porque non ser quen de cubrir baixas, non ter estes centros ben dotados de financiamento fai que moitas veces fagas unha peregrinación de CIM a CIM para ver onde te poden atender. Entón, realmente, se a discrepancia está en poñerlle o foco a que é necesario un incremento real da contía e unha mellora da porcentaxe de financiamento dedicado a cada centro, pois eu si que o lamento.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

"Moción dos Grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en defensa da mellora dos Centros de Información ás Mulleres (CIM)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que no ano 2004 se aprobara o primeiro Decreto que regula os Centros de Información ás Mulleres en Galicia (en adiante o CIM), foi moito e definitivo o labor que dende eles veñen facendo os e as profesionais en defensa da igualdade, dándolle apoio e soporte a milleiros de mulleres galegas.

É importante lembrar que pese a que a prevención, detección, tratamento e loita contra as violencias machistas, así como a atención ás mulleres vítimas, son funcións prioritarias destes centros, o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, define os CIM como "aqueles recursos de carácter permanente desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información



encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes".

Temos entón que son moitas as funcións encomendadas a uns centros que son esenciais como servizo de apoio integral ás mulleres, en todas as súas vertentes, pero que nos últimos tempos están dedicados practicamente na súa totalidade a tarefas asistenciais con mulleres vítimas de violencias machistas ou en contextos de vulnerabilidade, tal e como se recolle nun informe recente elaborado pola Fegamp.

Ademáis, dende o ano 2016 os centros de información á muller teñen encomendadas novas responsabilidades profesionais como ser un servizo de información, atención e asesoramento ao colectivo LGTB, unha función que debería ser vinculada a servizos ad hoc coa fin de prestar realmente atención a un colectivo efectivamente marxinado e necesitado de políticas propias por parte do Goberno galego.

Entre as moitas tarefas que dende os CIM teñen que deixar de realizar pola excesiva carga de traballo que soportan figuran, por exemplo, a difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes; a realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución da igualdade; actuacións de dinamización levadas a cabo por persoas expertas en xénero e igualdade cara á integración da perspectiva de xénero nas accións de entidades locais, ou o fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos. Moitas delas poderían ser desenvolvidas por unha figura imprescindible e escasamente presente nos CIM como é a da/o axente de igualdade.

Por outra banda, gran parte do traballo que realizan as técnicas/os dos CIM é administrativa, e o propio Decreto 130/2016 establece no seu artigo 10.2 a posibilidade de que os CIM conten con persoal de apoio ou persoal administrativo que se considere conveniente, algo que acontece en moi poucos centros.

A Xunta de Galicia subvencionou no ano 2022 un total de 84 CIM, dos que 33 son xestionados por agrupacións de concellos ou mancomunidades, resultando así que só 193 concellos dos 313 que existen contan con este servizo imprescindible. Dito doutro xeito: as mulleres de case o 40 % do territorio galego non dispoñen deste recurso.

Ademais, en moitos casos, aínda nos concellos con CIM a situación para as mulleres pode resultar moi gravosa tendo en conta a dispersión xeográfica do noso país, nomeadamente nas zonas rurais, e o precario do transporte público interurbano, que dificulta o desprazamento a estes centros. O Decreto 130/2016 establece a posibilidade de que o persoal dos CIM se desprace para facilitar o acceso a estes recursos, pero dado o colapso na súa carga de traballo esta é unha tarefa imposible.

Ante este panorama, a Asociación de Profesionais dos Centros de Información á Muller (Asocim) ven de denunciar nun comunicado "a sobrecarga de traballo" á que teñen que facer fronte dende os CIM, o que "está a repercutir na súa saúde", cun "desgaste físico e psicolóxico" destas persoas traballadoras, derivado "dunha plantilla insuficiente e unha excesiva burocratización".

Entre outros elementos, as persoas profesionais destes centros esixen a cobertura de baixas e o reforzo de persoal con persoas traballadoras de apoio "o antes posible" para a "atención de tarefas administrativas", así como "perfis especializados en igualdade".

Un dos principais déficits que teñen os centros de información ás mulleres é a falla de recursos, principalmente humanos, o que provoca unha carga de traballo inasumible e en moitos casos, como denuncia a propia Asocim, unha merma indesexada na calidade da atención. Isto débese, entre outras razóns, á inexistencia de criterios rigorosos que establezan o número e tipoloxía de profesionais que ten que existir nun CIM atendendo, por exemplo, ao número de mulleres residentes na área xeográfica que debe cubrir ese



centro.

Por iso, os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG consideran necesario iniciar unha reflexión profunda acerca das funcións dos centros de información ás mulleres, a capacidade de cumprilas, a súa estrutura técnica e de recursos humanos e o seu financiamento, entre outras cuestións.

Todo o anterior é produto dunha normativa laxa nalgunha esixencia e moi estrita noutras, de maneira que estes centros adolecen dunha estrutura obrigada eficaz que responda ás necesidades de todas as mulleres galegas, sen que existan diferenzas en función do territorio.

Por iso é necesario elaborar unha estratexia, tal e como manifesta a propia Fegamp, que comece polo establecemento dun novo marco de financiamento que, ademais de incrementarse con fondos propios da Xunta de Galicia, estableza unha ratio de persoal necesario en función da poboación e do número de mulleres atendidas.

Polo exposto, os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e BNG propoñen a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar, en colaboración coa Fegamp, unha estratexia para estender a rede de Centros de Información á Muller (CIM) a todo o territorio galego, que estableza criterios de emprazamento e prestación de servizos conforme a factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características sociodemográficas. Para tal fin, a Xunta de Galicia prestará soporte técnico e incrementará os recursos económicos que garantan a pervivencia no tempo dos CIM.
2. Acordar coa Fegamp un incremento orzamentario con fondos propios das liñas de axudas e subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia destinadas a sufragar o gasto de persoal e funcionamento que adecúe o financiamento ás necesidades e prestacións reais dos CIM, o que supón permitir contratar o persoal necesario para ofrecer un servizo de calidade, nomeadamente axentes de igualdade e persoal administrativo.
3. Modificar o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos Centros de Información á Muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento para:
 - a. Incorporar a figura de axente de igualdade entre o persoal necesario para o normal funcionamento do CIM.
 - b. Regular con criterios obxectivos as necesidades cuantitativas e cualitativas das e dos profesionais cos que debe contar un CIM, establecendo ratios do persoal requirido en función da poboación de mulleres, demanda recibida e as actividades que se acrediten que se realizan.
 - c. Establecer como requisito para ser persoal cualificado dun Centro de Información ás Mulleres (dirección, asesoría xurídica ou psicolóxica, axente de igualdade) ter realizado un mínimo de 500 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes, para contribuír a unha maior especialización do persoal dos CIM.
 - d. Establecer que ningunha muller teña que desprazarse máis de 15 quilómetros do seu domicilio para poder ser atendida nun CIM.
4. Delimitar, en colaboración co tecido asociativo de profesionais que traballan no ámbito



da igualdade, as funcións dos centros de información á muller, que deberían ser de atención integral para a consecución da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Simultaneamente, crear un novo servizo ou redefinir algún existente de atención á diversidade que dea resposta ás demandas do colectivo LGTBI.

5. Realizar unha campaña de información pública para dar a coñecer os CIM como recursos integrais dirixidos ás mulleres."

FÓRA DA ORDE DO DÍA

I.Moción para a aprobación da Segunda Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia/IGAPE, a Deputación provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia, para a elaboración do plan director e constitución da estrutura de gobernanza da cidade das TIC

Sr. Presidente

Hai unha última moción para aprobación da segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, o IGAPE, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC de Galicia para a elaboración do Plan director e constitución da estrutura da gobernanza das TIC.

Procedemos a votar declaración de urxencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Sr. Presidente

E agora votamos o acordo.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por unanimidade, aproba a seguinte moción:

"Moción para a aprobación da Segunda Addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia/IGAPE, a Deputación provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia, para a elaboración do plan director e constitución da estrutura de gobernanza da cidade das TIC

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, a Deputación Provincial da Coruña, o concello da Coruña, a UDC e o



Clúster TIC Galicia tramitaron un convenio de colaboración entre eles para a elaboración do Plan do Director e constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC.

2. O convenio formalizouse en documento administrativo nº 81/2021 de data 1 de decembro de 2021, cunha vixencia desde a súa sinatura ata a constitución da Sociedade Xestora da Cidade das TIC, co límite de doce meses.

3. Na reunión da Comisión de Seguimento do Convenio de Gobernanza da Cidade das TIC da Coruña, celebrada o día 20 de setembro de 2022 ás 16:30 a través de medios electrónicos (plataforma Teams) e con asistencia de representantes de todas as entidades asinantes (Concello da Coruña, Deputación da Coruña, Clúster das TIC, IGAPE e UDC) acordouse por unanimidade prorrogar até o 30 de abril de 2023 a vixencia do referido Convenio de Gobernanza a fin de contar con tempo suficiente para constituír a sociedade xestora e aprobar o plan director.

4. As primeiras actuacións previstas no Convenio son as seguintes:

- Elaboración do Plan director da Cidade das TIC
- Deseño e posta en marcha inicial da súa estrutura de gobernanza, que permita ser formalizada a través dunha sociedade pública na que se integren todas as institucións públicas que poden contribuír tanto na fase dos investimentos iniciais como nas fases posteriores.
- Soporte da estrutura de gobernanza provisional e das actuacións preliminares.

As actuacións previstas realizaranse nun período de 12 meses dende a firma do convenio polas partes integrantes.

5. De acordo co informe emitido polo secretario da Comisión do dito Convenio de 19 de abril de 2023 e "segundo acordo de todas as partes, faise conveniente asinar unha segunda prórroga do dito Convenio ata o 30 de outubro de 2023 por estar aínda pendentes diversas actuacións, entre elas:

- O redeseño e mellora da web da Cidade das TIC, con reactivación dos boletíns e da sección de novas.
- A campaña de divulgación dos obxectivos acadados polo convenio.
- O evento de presentación do Plan Estratéxico.
- O ciclo de eventos para fomentar o networking arredor do ecosistema tecnolóxico científico-empresarial da Cidade das TIC.
- As xornadas de portas abertas para colectivos interesados nas actividades da Cidade das TIC.
- A decisión sobre as fórmulas societarias xa estudadas e a formalización da sociedade resultante

6. A cláusula undécima (Vixencia) do convenio sinala:

"Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura ata a constitución da sociedade xestora da Cidade das TIC, co límite de doce meses. Este convenio poderá ser prorrogado de mutuo acordo expreso de todas as partes sendo a data límite de 30 de decembro de 2022. Tamén poderá ser prorrogado conforme ás correspondentes addendas nas que se detallen as novas actuacións e orzamentos correspondentes relacionados co obxecto do convenio".

7. Por acordo do Pleno da Deputación da Coruña número 13 da sesión celebrada o 30 de



novembro de 2022 aprobouse a prórroga do convenio ata o 30 de abril de 2023.

8. Con data 21 de abril de 2023 incorpórase ao expediente de aprobación da addenda ao convenio o informe da unidade xestora no que manifesta que de acordo co informe emitido polo secretario da Comisión do dito Convenio de 19 de abril de 2023 e "segundo acordo de todas as partes, faise conveniente asinar unha segunda prórroga do dito Convenio ata o 30 de outubro de 2023 por estar aínda pendentes diversas actuacións".

9. Na mesma data, incorpórase informe do Servizo de Patrimonio e Contratación onde se recolle que "Tendo en conta que esta prórroga non supón incremento económico, e por razón de interese público, propónse a aprobación da prórroga do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia/Igape, a Deputación provincial de A Coruña, o concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o CLUSTER TIC GALICIA, para a elaboración do plan director e constitución da estrutura de gobernanza da idade das TIC, mediante acordo plenario, ata o 30 de outubro de 2023."

10. O expediente non foi posible completalo para levalo á sesión extraordinaria e urxente da Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios convocada para as 11:30 h do 21 de abril de 2023.

En consecuencia, e dado que de non tramitar a presente moción no Pleno do día 28 de abril de 2023 produciríase a finalización do período de vixencia do convenio e quedaría este sen efecto, conforme ao previsto no artigo 91.4 do Regulamento de Organización Provincial, elevase ao Pleno Provincial a seguinte moción na que se procedan a aprobar os seguintes

ACORDOS

1. Prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o IGAPE, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia para a elaboración do plan director e a constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC ata o día 30 de outubro de 2023. Esta prórroga non afecta ás actuacións programadas nin ao orzamento previsto.

2. Aprobar a addenda ao convenio asinado 1 de decembro de 2021 cuxo texto sería como segue

"SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN, ASINADO O 1 DE DECEMBRO DE 2021, ENTRE O IGAPE, A DEPUTACIÓN DA CORUÑA, O CONCELLO DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CLÚSTER TIC GALICIA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR E A CONSTITUCIÓN DA ESTRUCTURA DE GOBERNANZA DA CIDADE DAS TIC

REUNIDOS

Don Francisco José Conde López, vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, na súa calidade de presidente do Instituto Galego de Promoción Económica, en adiante Xunta de Galicia/IGAPE.

Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en adiante Deputación.

Don Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña, en representación da mesma, en adiante UDC.



Dona Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, debidamente facultada para este acto, que actúa en representación da devandita entidade local, en adiante Concello.

E don Antonio Rodríguez del Corral, como presidente do Clúster TIC de Galicia, en adiante Clúster.

MANIFESTAN

- Que o 1 de decembro de 2021 foi asinado o Convenio de colaboración entre o IGAPE, a Deputación da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia para a elaboración do plan director e a constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC.

- Que a cláusula undécima do referido convenio dispón:

"Establécese como prazo de vixencia do convenio desde a data da súa sinatura ata a constitución da sociedade xestora da Cidade das TIC, co límite de doce meses.

Este convenio poderá ser prorrogado de mutuo acordo expreso de todas as partes, sendo a data límite o 30 de decembro de 2022.

Tamén poderá ser prorrogado conforme ás correspondentes addendas nas que se detallen as novas actuacións e orzamentos correspondentes relacionados co obxecto do convenio".

- Que para a adecuada execución do convenio, todas as partes apreciaron a conveniencia de prorrogar a súa vixencia ata o 30 de abril de 2023 e asinaron a correspondente addenda.

- Que aínda están pendentes de levar a cabo diversas actuacións, entre outras:

- O redeseño e mellora da web da Cidade das TIC, con reactivación dos boletíns e da sección de novas.
- A campaña de divulgación dos obxectivos acadados polo convenio.
- O evento de presentación do Plan Estratéxico.
- O ciclo de eventos para fomentar o networking arredor do ecosistema tecnolóxico científico-empresarial da Cidade das TIC.
- As xornadas de portas abertas para colectivos interesados nas actividades da Cidade das TIC.
- A decisión sobre as fórmulas societarias xa estudadas e a formalización da sociedade resultante.

- Que, por todo iso, faise conveniente acordar unha nova prórroga ata o día 30 de outubro de 2023:

En consecuencia,

ACORDAN

Prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o IGAPE, a Deputación Provincial da Coruña, o Concello da Coruña, a Universidade da Coruña e o Clúster TIC Galicia para a elaboración do plan director e a constitución da estrutura de gobernanza da Cidade das TIC ata o día 30 de outubro de 2023. Esta prórroga non afecta ás



actuacións programadas nin ao orzamento previsto.

Polo IGAPE

Francisco Conde López

Pola Deputación da Coruña

Valentín González Formoso

Pola Universidade da Coruña

Julio Ernesto Abalde Alonso

Polo Concello da Coruña

Inés Rey García

Polo Clúster TIC Galicia

Antonio Rodríguez del Corral"

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:26 horas.